

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27/09/2019**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 27/09/2019, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

- [1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/19 do 13 de setembro](#)
- [2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2019](#)
- [3. Proposición da Presidencia sobre ratificación de Resolución da Presidencia sobre recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario](#)

Comisión de Deporte e Mocidade

- [4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club SILVA S.D. polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do desenvolvemento da actividade deportiva do clube en todas as súas categorías durante o ano 2017](#)
- [5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Compostela, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de equipos de fútbol base e de 3ª división de honra, durante o ano 2017.](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [6. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2018](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

- [7. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao concello de Aranga \(en nome da comunidade de Lambre- Mandeo\) para financiar suministro dun camion 4x4](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

- [8. Aprobación da cuarta fase do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2019](#)
- [9. Acordo de modificación do proxecto SENDA PEONIL NA DP1802 PK 15+280 A 16+230 \(RIBADEUME\) AS PONTES do Plan de SENDAS PEONÍS 2019 PRIMEIRA FASE](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

- [10. Aprobación do cambio de titularidade do treito final da DP 5802 \(acceso ao Porto de Lorbé\)](#)

a favor da Xunta de Galicia.

11. Aprobación do texto e formalización dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de estradas en Frinle, Rieiro, Rebordelo e outros", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0315.

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento integral no lugar de Foxacos", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0367.0, e aprobación definitiva da obra

14. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades do "Ficrural 2018-19"

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

15. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2019"

16. Aprobación da proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA no marco do Plan de Emprego Local 2016-2019, para financiar o Proxecto "PROEM", anualidade 2018.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

17. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2019.

18. Dación de conta da acta da comisión de control interno das operacións de recadación feitas polo Servizo de Recadación e as zonas de recadación nos anos 2017 e 2018 (RP 6729/2019)

19. Dación de conta das Resolucións de Presidencia números 25587 do 24/07/2019, 25588 do 24/07/2019 e 25603 do 26/07/2019, todas elas complementadas pola número 26247 do 31/07/2019, e 26249 do 31/07/2019, 26250 do 31/07/2019, 27464 do 16/08/2019, 29481 do 3/09/2019 e 31593 do 18/09/2019 que modifica á 25588 do 24/07/2019

20. Aprobación da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2019.

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños sobre seguridade viaria na estrada provincial da Deputación da Coruña no lugar da Patiña

Moción do Grupo Provincial Popular sobre a candidatura a Patrimonio da Humanidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia

Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España a transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado

Moción dos Grupos PSdeG, PSOE e BNG relativa á transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de setembro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de setembro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros PP
Don Evaristo Ben Otero PP
Don José Carlos Calvelo Martínez PP
Dona Cristina Capelán Cancelo PSOE
Don Germán Castrillón Permuy PP
Dona María Milagros Castro Sánchez PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez BNG
Don Manuel María Durán Guillán PP
Don Antonio Fernández Angueira PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro PSOE
Dona Rosa M^a Gallego Neira PP
Dona Dalia García Couso PP
Don José Blas García Piñeiro PSOE
Don Ángel García Seoane AVV
Don José Pablo González Cacheiro PP
Dona Sandra González Castro PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas PSOE
Dona Ana Lamas Villar PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro PSOE
Don Alberto Lema Suárez MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal PP
Don José Muiño Domínguez PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira BNG
Don Xosé Luis Penas Corral BNG
Don José Manuel Pequeño Castro PSOE
Don Xosé Regueira Varela BNG
Don José Ramón Rioboo Castro PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez PP

Actúa como secretario, José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera

Aberto o acto ás 12:15 horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/19 do 13 de setembro

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 9/19, do 13 de setembro.

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2019

A Corporación toma coñecemento das Resolucións da Presidencia, desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2019.

3.- Proposición da Presidencia sobre ratificación de Resolución da Presidencia sobre recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario ´

Procédese a votar a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 8 deputados (PP)

Procédese a votar a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (11 DO PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 do PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Ratificar, unha vez tomado coñecemento dela, a seguinte Resolución da Presidencia desta Deputación:

- Resolución da Presidencia núm. 26605, do 2 de setembro de 2019, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 163/2019, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, sobre Relación de Postos de Traballo."

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club SILVA S.D. polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do desenvolvemento da actividade deportiva do clube en todas as súas categorías durante o ano 2017

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (12 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 2 deputados (1 do PP e 1 de Marea Atlántica)

O Pleno aproba a retirada da orde do día

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Compostela, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de equipos de fútbol base e de 3ª

división de honra, durante o ano 2017.

O Pleno aproba, por unanimidade, a retirada do asunto da orde do día.

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2018

Intervencións

Sra. Gallego Neira

Bo día, moitas grazas. O luns xa tiven unha chamada, chamei eu ao presidente da Deputación para comentarlle que nos puntos 4 e 5 teríamos que comentalos, porque eran subvencións correspondentes ao ano 2017, xa finalizadas, e que en maio entrou en vigor unha ordenanza que se aprobou nesta Deputación, coa abstención do Partido Popular e de Compostela Aberta, que o resto dos grupos votou a favor, que é máis restritiva que a Lei de subvencións, e non entendiamos como agora a propia Deputación podía ir en contra dos seus propios actos. Iso non o di o Partido Popular, que o di a ordenanza e ademais o di o informe do interventor, que di exactamente o mesmo neste punto 6.

Eu levo toda a semana intentando manter unha reunión para falar deste tema, non imos entrar en cuestións, nin chamadas, nin historias, pero si pedimos que se retirase, ou que falásemos antes porque iamos abstermos nos puntos 4, 5 e 6 porque entendemos que non se poden aprobar, é ilegal. Din que é unha administración pública, é que dá igual, a lei e a ordenanza non distinguen entre administracións públicas nin entidades, evidentemente, sen ánimo de lucro, obviamente, para os efectos de concederlles ou non concederlles a subvención.

Aprobamos unha ordenanza máis restritiva que a lei, haberá que ver, haberá que buscar unha solución doutro tipo, imos pedir o expediente, agora din que é que a solicitude é anterior, claro, eu podo presentar a solicitude e pedir unha subvención de 2004. Realmente, o que se di no informe de Intervención é que a actividade foi executada na súa integridade, neste caso no ano 2018, co cal imos abstermos, imos pedir o expediente, e para próximas ocasións pedimos que antes dos plenos ordinarios, porque logo temos tamén unha emenda a unha moción nosa, se convoque a Xunta de Portavoces, que é o normal en calquera Corporación. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Sobre este punto en concreto, efectivamente, no informe de Intervención faise referencia a iso que acaba de comentar vostede, pero si que é certo que a situación non é a mesma que nas dúas subvencións anteriores, porque neste caso tanto a solicitude feita polo Concello de Santiago, no ano 2017, 5 de decembro de 2017, como inicio do expediente, aínda non estaba esa actuación finalizada, no outro caso estamos a falar de subvencións que se solicitan para unha actividade que xa foi realizada e que xa está rematada, non é o caso con este caso, valla a redundancia, do Concello de Santiago. Ademais que o expediente se inicia o 17 do 10 de 2018, antes de que entrara en vigor esa ordenanza. Polo tanto, entendemos, tampouco se pode aplicar de forma retroactiva, sobre todo se prexudica a terceiros, un pouco na liña do que establece a xurisprudencia neste caso do Tribunal Constitucional, porque, repito, a ordenanza entrou en vigor con posterioridade ao inicio do expediente, para unha actividade que non estaba rematada, polo tanto, as circunstancias e a conxuntura é distinta aos dos casos anteriores. De aí que nos dous casos anteriores se retire para estudar o tema e falar despois máis polo miúdo ao longo dos vindeiros días, pero non neste punto número seis.

Sra. Gallego Neira

É exactamente o mesmo, desde logo, cando o solicitaron non consta no expediente que se facilitou á oposición, tamén as entidades deportivas no seu momento presentaron unha solicitude para esas actividades, antes da aprobación da ordenanza. O que si di o interventor, con razón, é que as actividades foron executadas integramente no ano 2018. Nós imos absternos por ese motivo, moitas grazas.

E a ordenanza aprobárona vostedes, non o Partido Popular.

Sr. Fernández Piñeiro

Unha pequena aclaración, di vostede que os clubs tamén o tiñan solicitado con anterioridade. Os clubs tiñan solicitado con anterioridade unha subvención a través dunha liña que non foi concedida, e como quedaron fóra e non lle foi concedida, solicitaron, fixeron unha nova solicitude, neste caso xa non a través dunha liña de concorrencia, senón dunha subvención nominativa, entón non é o mesmo caso. No caso do Concello de Santiago non quedou fóra de ningunha convocatoria, fixo unha solicitude en tempo e forma, que se iniciou o expediente antes da entrada en vigor desta ordenanza. Polo tanto, non estamos indo en contra dos nosos actos porque non estamos concedendo nin aprobando ningunha subvención a posteriori da aprobación e da entrada en vigor desa ordenanza, nin o estamos facendo, nin o imos facer. Nos dous casos anteriores, como eran distintos, retíranse, pero repito, neste caso non é o mesmo porque é unha única solicitude, non hai dúas, é unha única solicitude feita ou realizada con anterioridade á entrada en vigor da ordenanza, un inicio do expediente feito e realizado con anterioridade á posta, ou a entrada en vigor desa ordenanza, e cunha actividade que ademais cando se fixo a solicitude e se iniciou o expediente, non estaba rematada. Polo tanto, non é o mesmo caso que nas dúas situacións anteriores.

En todo caso, xa digo que falaremos polo miúdo esa cuestión máis adiante nos vindeiros días para ver como podemos mellorar esa circunstancia. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Por se vale para aclarar algo, eu na Comisión comentei que este tipo de axudas que había que meterse nunha orde aberta para varios concellos, se o estimaba así o Goberno, e se me explicou, e xa se me dixo anos anteriores, que aquí había unha vinculación da Deputación co Concello de Santiago, porque eran incluso centros sociais, que estaba compartido nun momento determinado a explotación, valla a palabra, cara aos cidadáns, o servizo cara aos cidadáns. Polo tanto, ese compromiso que había na Comisión, que se verá nun futuro próximo como se regula esta situación, pero que na actualidade habería que darlle para adiante e punto.

Sr. Lema Suárez

Eu quería tamén solicitar que se convoque, eu descoñecía que se ían retirar os puntos catro e cinco da orde do día, eu creo que era conveniente que se convoque con anterioridade á celebración do Pleno a Xunta de Portavoces para, cando menos, saber de que se tratan estes asuntos, e tamén digo que estas entidades tampouco son responsables de que haxa unha modificación a posteriori do criterio para o reparto das subvencións e que, polo tanto, eu creo que deberan, desde o punto de vista, manterse os acordos. E no que nos atinxe agora mesmo do Concello de Santiago, de centros sociais, pensamos igualmente que esta institución non debe de causarlle ningún tipo de prexuízo a ningunha outra institución coa que teña xa establecido un compromiso.

Polo tanto, xustificamos deste xeito o noso voto favorable.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 140.000 €, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2018, cun orzamento subvencionado de 175.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Así mesmo, exceptuar para o presente convenio a limitación establecida no artigo 4.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, xa que a actividade subvencionada foi executada no ano 2018.

Coa motivación incorporada nos parágrafos anteriores levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3 de setembro de 2019.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2018

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna-----, en representación da Deputación Provincial da Coruña

D/Dna-----, en representación do Concello de Santiago de Compostela

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervéñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa

María de Vilvestro”, AVV de A Rocha “Serafín Zas” e AVV “Ruta Xacobeas”.

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha aportación da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, con CIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo concello beneficiario para o financiamento parcial do **Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2018**.

As accións incluídas neste programa son as seguintes:

* *Programa de animación e dinamización dixital - Novas tecnoloxías 2018*.- Actividades formativas e aulas abertas de informática de uso libre.

* *Programa de educación e formación permanente 2018*.- Monográficos, cursos e obradoiros.

* *Programas estacionais 2018*.- “Vive o verán”, “12 doces de outubro” e “Vive o Nadal”

II.- Orzamento.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>Persoal animación sociocultural</i>	h. semana	orçamento
Villestro	20	12.549,00.-
A Gracia	15	8.562,00.-
Laraño, Lavacolla e Verdía	17	9.647,00.-
Bando, Figueiras	15	8.562,00.-
Marrozos, Eixo	18	10.894,00.-
Rocha	18	10.874,00.-
<i>Persoal de animación sociocultural e dinamización dixital</i>		
Busto, Marantes, Grixoa e Peregrina	24	13.928,00.-
Enfesta, Nemenzo, Peregrina, Sta. Cristina de Fecha, Verdía	20	12.549,00.-
<i>Persoal de alfabetización dixital</i>		
A Gracia, Bando, Laraño, Lavacolla, Figueiras Marrozos	21	13.188,00.-
<i>Persoal de formación permanente e obradoiros de actividades</i>		34.247,00.-
<i>Persoal programas puntuais</i>		
Vive o verán, 12 doces de outubro e vive o Nadal		38.000,00.-
<i>Gastos en material non inventariable</i>		2.000,00.-
TOTAL		175.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao *Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas do Concello correspondentes ao exercicio 2017.

* **Orzamento do Concello para o Exercicio 2018**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita pola Técnica responsable da Rede de Centros Socioculturais coa conformidade da concelleira de Políticas sociais, Diversidades e saúde e Centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de outubro de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

5.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se

faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18

de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao concello de Aranga (en nome da comunidade de Lambre- Mandeo) para financiar suministro dun camión 4x4

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio interadministrativo de cooperación o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A adquisición do camión ríxido 4x4 supón a realización de actuacións de competencia municipal nos concellos **de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmador que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo de Servizos Consorciados**. Entre as actuacións que poden atender están: labores de podas, substitución de luminarias, recollida de plásticos agrícolas nas explotacións gandeiras, realización de traballos de conservación das vías municipais, traballos de quitaneves, traballos de limpeza das beirarrúas, marquesiñas etc.
- Segundo a memoria presentada pola concello de Aranga a disposición dun camión ríxido 4x4 suporía a posibilidade de realizar actividades conxuntas de interese público local dos concellos que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo.
- Así mesmo esta adquisición vai servir de apoio imprescindible para a prestación de numerosos servizos en cada un dos concellos integrantes da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo.
- A presente subvención pretende cumprir cun servizo público esencial, mínimo e obrigatorio nos catro concellos que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo

3º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a

Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO), con CIF P1500300G para financiar o suministro dun “Camión Rixido 4x4” cunha achega provincial de 300.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/4142/76201, que representa un coeficiente de financiación do 100 %.

4º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o **Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**
Na Coruña a

Reunidos

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante do Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e o Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO), ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, CIF P 1500300G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do suministro “**Camión rixido 4x4**”.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o presuposto que achega o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 300.000,00 €.

Tipo vehículo	Custo unitario
1 camión rixido 4x4	300.000,00 €
TOTAL IVE INCLUIDO	300.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 300.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4142/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, xa que está financiada do 100% pola Deputación.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. No procedemento de contratación, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Adquirido o ben, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - Persoa adxudicataria
 - Importe do contrato
 - E prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración de non ter recibido axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal):

- Factura e certificación acreditativa do pago do ben.
- Acta de recepción
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, se realizarán entre o día 1 de xuño de 2019 ata o 31 de decembro do ano 2020.

2. . Unha vez realizada a adquisición, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)** da sanción que proceda, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade

financeira indicada polo **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1. A CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2.** A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3.** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

- 1. O CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

- 1.** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

- 1.** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así

como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio interadministrativo de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerás os devengados desde o 19 de xuño de 2019 ata o 30 de novembro de 2020 sen que en ningún caso sexan subvencionable os gastos devengados con anterioridade á dita data é conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2020**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2.- Para o caso de que o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do 30 de novembro de 2020, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non

xustificada na dita data

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o **convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE
CONCELLO DE ARANGA (EN
NOME DA COMUNIDADE
INTERMUNICIPAL LAMBRE-
MANDEO)"

8.- Aprobación da cuarta fase do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2019

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2019, CUARTA FASE cun orzamento total de 374.238,01 €, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

DENOMINACION DÁ OBRA	CÓDIGO	IMPORTE
DP 3607.- Mellora de capa de rodaxe con mistura bituminosa en quente d.p. 3607 Valon a San Xurxo; pq 0+000 ao pq 4+300 (Ferrol)	2019.1100.0036.0	280.437,73 €
DP 3204.- Mellora superficial dá capa de rodaxe na travesía DP 3204 pq 0+000 ao 1+070 (Curtis)	2019.1100.0037.0	93.800,28 €
TOTAL		374.238,01 €

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia

nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Acordo de modificación do proxecto SENDA PEONIL NA DP1802 PK 15+280 A 16+230 (RIBADEUME) AS PONTES do Plan de SENDAS PEONÍS 2019 PRIMEIRA FASE

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Acordar a modificación do proxecto SENDA PEONIL NA DP1802 PK 15+280 A 16+230 (RIBADEUME) AS PONTES do Plan de SENDAS PEONÍS 2019 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 323.892,57.- euros aprobado en sesión plenaria celebrada o 01/02/2019, xa que se detectou un erro no proxecto que afecta o orzamento no referido na primeira partida do capítulo 4 denominada "Canalización 2 tubos de PVC DN 110" non ten prezo unitario pero si medición, que non varía o orzamento total, unha vez emendado o erro detectado no proxecto:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
19.1170.0001.0	SENDA PEONIL NA DP1802 PK 15+280 A 16+230 (RIBADEUME) AS PONTES	AS PONTES	323.892,57

2.- Expor ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación do cambio de titularidade do treito final da DP 5802 (acceso ao Porto de Lorbé) a favor da Xunta de Galicia.

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Simplemente sería bo que esta obra de acceso ao porto de Lorbé, que era a Vía Ártabra, que ía desde aí ata A Rocha, un proxecto que hai concibido, tanto pola Xunta de Galicia como por todos os concellos que estamos na área, neste caso a Xunta fixo unha obra que non a culminou, fáltnlle douscentos e pico metros, que son estes metros que supostamente agora está pedindo que se lle cedan, para facer obra. Por certo, xa antes invadiu a vía provincial, e

fixo nada máis a parte que lle interesaba, sería bo que por parte da Deputación se recordara, cédolle a vía para que vostede culmine a obra que está no proxecto da Vía Ártabra, de acceso aos mariñeiros con aparcadoiro, con servizos, dentro do porto de Lorbé. Digo que sería bo recordarlo e non simplemente darlle a estrada porque senón apañados estamos, se nada máis que reciben a estrada.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- "1.- Aprobar o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia do tramo final comprendido entre os PP.Q.Q 0+850 e 1+060 (p.q. final) para facilitar o acceso ao Porto de Lorbé.
- 2.-Facultar ao Presidente para a formalización das correspondentes actas de entrega e recepción.
- 3.- Excluir o citado tramo do Inventario de bens da Deputación Provincial así como do Catálogo da Rede de Estradas Provinciais."

11.- Aprobación do texto e formalización dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para cofinanciar as obras de Mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal, cunha achega provincial de **67.768,02 euros** con cargo a la aplicación orzamentaria **0112/342/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **84.710,02 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- **Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA CUBERTA E FALSOS TEITOS DA PISCINA MUNICIPAL

Na Coruña, a ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número

_____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Boiro**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:...I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...

Neste sentido, o Concello de Boiro considera de primeira necesidade as actuacións sobre as obras de mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras urxentes que afectan a 900 usuarios. As filtracións de auga deterioran o falso teito, e a estrutura de soporte. Na última reparación de emerxencia realizada, se comprobou que a estrutura de soporte está manifestamente danada, e corre risco de colapso. Estas obras están motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en sí, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e consisten na realización das seguintes actuacións: Se pretende coa inversión a reparación das humidades por filtración que se producen na cuberta plana da piscina municipal de Boiro, e unha vez reparadas as filtracións de auga do exterior, a substitución dos falsos teitos deteriorados de placas de escaiola, por uns falsos teitos de PVC, específicos para ambientes de alta humidade e presenza de cloro. Aproveitando a renovación dos teitos de PVC, se renovará a totalidade das luminarias empotradas, por unhas de tipo led, para a redución do consumo eléctrico.

Con esta actuación, se elimina a entrada de auga dende o exterior á instalación, e as constantes obras de reparacións de falsos teitos e luminarias que entran en cortocircuíto, que ten que encargar o Concello de Boiro todos os anos.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Boiro** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello da Boiro**, con CIF **P1501100J**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “Proxecto de Mellora da cuberta e falsos teitos da piscina municipal”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto técnico José Emilio Piña Ordiz N^o colexiad 2351).

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	58.830,49 euros
Gastos xerais 13,00%	7.647,96 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.529,83 euros
IVE (21%)	14.701,74 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	84.710,02 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **67.768,02 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/342/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
-

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no

proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de

traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____.
E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de estradas en Frinle, Rieiro, Rebordelo e outros", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0315.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cabana de Bergantiños do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de estradas en Frinle, Rieiro, Rebordelo e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0315.0, no

que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Logo de aprobar o Concello de Cabana de Bergantiños un proxecto modificado deste investimento, para substituír a estrada de Frinle pola do lugar de Cabana, dado que a estrada de Frinle tivera que ser reparada de urxencia, sen esperar á aprobación da subvención da deputación, dado o seu mal estado con risco tanto para peóns como para vehículos

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que o concello asume integramente o incremento do orzamento de contrata do proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento do Concello de Cabana de Bergantiños denominado "Mellora de estradas en Frinle, Rieiro, Rebordelo e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 co código 2019.2200.0315.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 26 de abril de 2019, que aínda non está adxudicado, para substituír a estrada de Frinle pola do lugar de Cabana, dado que a estrada de Frinle tivera que ser reparada de urxencia dado o seu mal estado con risco tanto para peóns como para vehículos, e tendo o proxecto modificado un orzamento de contrata superior ao do proxecto inicial, incremento que asume integramente o concello tal e como se indica na seguinte táboa:

"Mellora de estradas en Frinle, Rieiro, Rebordelo e outros" Concello de Cabana de Bergantiños Código: 2019.2200.0315.0	Proxecto Inicial	Proxecto modificado	DIFERENZA
	Contrata	Contrata	
Deputación	174.754,23	174.754,23	0,00
Concello	7.950,69	9.014,05	1.063,36
Total	182,704,92	183,768,28	1,063,36

O préstamo provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/9436/82120 do vixente orzamento provincial."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento integral no lugar de Foxacos", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0367.0, e aprobación definitiva da obra

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Rianxo do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento integral no lugar de Foxacos" incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0367.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2017/40644, do 18 de decembro de 2017, considerouse cumprida a condición establecida no último parágrafo do apartado 1 do dito acordo plenario do 8 de xuño de 2017, por ter presentado o informe favorable da súa Intervención municipal para a solicitude de préstamo provincial dentro do POS+ 2017

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 8 de xuño de 2017, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Rianxo cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
2017.3290.0367.0	Rianxo	Saneamento integral no lugar de Foxacos	172.253,95	24.953,54	197.207,49	Autorización de Augas de Galicia

Logo de presentar o Concello de Rianxo as Resolucións emitidas o 9 de xaneiro e o 21 de decembro de 2018 por Augas de Galicia, onde autoriza a intervención solicitada, logo de que, a requirimento deste organismo e por motivos de vertidos, o concello cambiara o emprazamento inicialmente previsto para a instalación das estacións de depuración

Tendo en conta que este investimento está aínda sen adxudicar, logo de que mediante a Resolución emitida o 17 de xuño de 2019 polo Alcalde do Concello de Rianxo, este decidira desistir do expediente de contratación iniciado

Logo de aprobar o Concello de Rianxo un proxecto modificado deste investimento, que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial, coa finalidade de realizar o cambio de emprazamento das estacións de depuración por motivos de vertidos, e constando xa no expediente, segundo informa a arquitecta municipal, todas as autorizacións necesarias para a súa execución (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Augas de Galicia)

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Saneamento integral no lugar de Foxacos", do Concello de Rianxo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0367.0, cos datos que se indican a continuación, sen variación do seu orzamento total, que aínda non está adxudicada e que se aprobou polo concello para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección de Augas de Galicia por motivos de vertidos, que implican un cambio do emprazamento inicial das estacións depuradoras:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
2017.3290.0367.0	Rianxo	Saneamento integral no lugar de Foxacos	172.253,95	24.953,54	197.207,49	Autorización de Augas de Galicia

O préstamo provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/9434/82120 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o POS+ 2017, consistente na obtención da autorización de Augas de Galicia, toda vez que o Concello de Rianxo presentou un proxecto modificado coa finalidade de dar cumprimento aos requirimentos feitos polo citado organismo, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2017."

14.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades do "Ficrural 2018-19"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva.

A actividade subvencionada ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, relativa ao proxecto "**FICRURAL 2018-19**" busca converter a Santiago de Compostela na capital da economía e cultura rural e alternativa de Galicia integrando nun só programa de acción municipal distintas políticas e eventos de apoio á cultura e economía do lugar, apostando pola integración urbano-rural de Santiago co seu entorno rural.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con CIF P1507900G, para financiar o "**FICRURAL 2018-19**" cun orzamento de 150.000,00 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 120.000,00 euros, o que supón porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito no exercicio 2019.

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 2019/24475 de 16/07/2019, para a firma do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "FICRURAL 2018-19".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio interadministrativo de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA consideran de gran interese a celebración do "FICRURAL 2018-19", xa que se trata dun evento que busca converter a Santiago de Compostela na capital da economía e cultura rural e alternativa de Galicia integrando nun só programa de acción municipal distintas políticas e eventos de apoio á cultura e economía lugar, apostando pola integración urbano-rural de Santiago co seu entorno rural.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol dep CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, con CIF P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "FICRURAL 2018-19".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, cun orzamento total de 150.000,00 € co seguinte desagregamento.

Xestión e organización gastos xerais	33.630,00 €
Dirección comercial, de comunicación, secretaría técnica e xestión económica	18.150,00 €
Xogo escola	2.420,00 €
visión escola	2.420,00 €
Páxina web	1.452,00 €
Exposición A Coruña rural	9.188,00 €

Promoción e comunicación	20.207,00 €
Producción de vídeos/fotografía promoción	6.050,00 €
Deseño e produción de carteis,dípticos e sinalética	3.872,00 €
Xestión web, redes sociais e comunicaicón	4.235,00 €
Plan de medios	6.050,00 €
Instalación, loxística e actividade	49.852,00 €
Arrendamento de equipos de vídeo e son, iluminación para as distintas accións	6.371,25 €
concerto Campás	2.340,75 €
Transporte para roteiros e visitas	3.025,00 €
colocación de carteis e sinalética de evento e roteiro	1.815,00 €
Montaxe de carpas e acondicionamento de instalacións	18.150,00 €
Concertos	18.150,00 €

Viaxes, aloxamentos e dietas	40.866,00 €
Honorarios poñentes/Xestores de actividades	18.481,00 €
Honorarios moderadores	2.420,00 €
Viaxes, aloxamentos e dietas	9.075,00 €
Aloxamentos	4.840,00 €
Almorzo e ceas de poñentes	3.630,00 €
Refrixerios ponencias e roteiros	2.420,00 €

Varios	5.445,00 €
Imprevistos	3.630,00 €
Seguros	1.815,00 €
TOTAL	150.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o

financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula SEGUNDA comenzaron en outubro do ano 2018 e desenvolveranse ata o mes de outubro do ano 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio interadministrativo de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de

enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio interadministrativo de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de outubro de 2018 ata o 31 de outubro do 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2019.

2. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá ter presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de novembro de 2019.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicaranse a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,"

15.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2019"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan

razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, Cif G15620651, para regular unha achega de **72.000 €** para cofinanciar o Proxecto **"Voz Natura 2019"**, cun orzamento subvencionado de 146.473,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,1558 %.

4 Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220190015471, da Partida 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no el exercicio 2020 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de xuño de 2020.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "VOZ NATURA 2019"

Na Coruña, a de de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

Doutra parte, Don Santiago Pérez Otero, con DNI 32.431.250-P, como representante da FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE.

Os comparecentes interveñen en uso das atribucións que, por razón dos seus cargos, teñen conferidas, e

MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e refundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Según recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto "VOZ NATURA", que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre”, para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2019”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2019, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2018-2019 e parte das que se realicen no curso escolar 2019-2020.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 146.473,00 €, e ten o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	63.500,00 €
Material de oficina, mensaxería e promoción Voz Natura	4.657,00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	12.700,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	19.473,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.175,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	37.888,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	5.080,00 €
TOTAL	146.473,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,1558 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,1558 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contabeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións

de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2020.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2020, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha

antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe co-rrrectamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE

D.

D. SANTIAGO PÉREZ OTERO"

16.- Aprobación da proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA no marco do Plan de Emprego Local 2016-2019, para financiar o Proxecto "PROEM", anualidade 2018.

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Simplemente dicir que Seara parécenos oportuna a subvención, máis alá de que seguimos sen meter no orzamento as subvencións nominativas, e que seguimos sen aprobar o Plan estratéxico de subvencións, pero parécenos oportuna a subvención a Seara, entidade sen ánimo de lucro, creada en 2002, formada por empresas da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal, declarada de utilidade pública en 2016, con sede nas Pontes, porque en breve imos ver que o fomento do emprego será unha emerxencia no Concello das Pontes e en toda a comarca, e agardemos que máis alá de colocarse detrás dunha pancarta en contra da

empresa, pois que actuemos no Ministerio, que é quen realmente está levando ao seu municipio, Sr. Formoso, e a toda a comarca, á ruína. Eu creo que se iso sucede debería formularse a militancia no Partido Socialista, moitas grazas.

Sr. Presidente

Non tiña pensado intervir neste punto, pero xa que isto vai disto, imos contestar.

Isto non vai de pancartas, isto vai de falar dun problema que afecta a 650 persoas con solvencia, un problema que se iniciou hai moito tempo, un problema onde quince centrais de carbón nacionais que solicitaron o peche estando o goberno do Partido Popular no Ministerio de Industria, continúan coa mesma intención estando o goberno do Partido Socialista no Ministerio de Industria. Polo tanto, a min ese xogo incoherente de que cando están os meus calo, cando hai unha manifestación, aínda que estea de acordo coa petición, diante da Xunta de Galicia non vou, pero se van diante da Delegación do Goberno como están os outros, non os meus, si que vou, a ver, aquí, xa que me pos enriba da mesa ese asunto, direiche que esa incoherencia non vai comigo. É dicir, eu entendo que debemos de defender os intereses dos veciños que representamos, igual que lle pasa ao alcalde de Cervo, que reclama a continuidade da súa planta que emprega a 1.400 persoas, goberne quen goberne, a min tócame facer, evidentemente, esa función porque sen dúbida algunha é a miña obriga, e así será. Vou morrer sendo socialista, gústelle a Rosa Gallego ou non lle guste, igual que respecto que ela sexa do Partido Popular ata o fin dos seus días, como non podería ser doutra maneira.

Sei que ten que facer esa intervención, en calquera caso son momentos difíciles, agradezo que este tipo de propostas que van no ámbito do emprego, da dinamización do emprego, non só no meu concello, senón en toda a comarca, que levamos facendo durante moitas corporacións, durante moitos anos, dá os seus froitos e As Pontes ten a data de hoxe 870 empresas instaladas, pequenas, medianas e grandes, algunha local de 2.000 empregados. Co cal, a situación é moi difícil, pero evidentemente nós imos loitar para cambialo, aí esperamos contar coa axuda do Ministerio de Transición, senón é así loxicamente a crítica será feroz porque é a obriga de asumir un criterio de transición xusto, está moi ben que figure nos papeis, pero en calquera caso tense que trasladar con propostas de liñas de axuda concretas, non só ao Concello das Pontes e de Cerceda, senón a toda a comarca. Co cal, pode vostede durmir tranquila perfectamente, que se vai seguir esixindo con moita forza ese compromiso, igual que lle esixiremos á Xunta de Galicia, aínda que neste caso non ten as competencias en materia de gran industria, pero si loxicamente en materia de reindustrialización, si as ten. Co cal, creo que a miña obriga é reclamarlle a todas as administracións que teñan que implicarse no caso, e así está ha ser, entendo eu.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, asistencia técnica, investigación e perfeccionamento das empresas e os empresarios/as afiliados/as, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar á potenciación da pequena e mediana empresa.

- Implantar os servizos que poidan resultar de proveito para os seus asociados, sen limitación algunha e sempre que respecten as normas legais reguladoras dos mesmos.

- Colaborar activamente no impulso da innovación, investigación e desenvolvemento I+D+I, definida nun sentido amplo, como factor clave do crecemento económico e o progreso rexional, dirixidos cara o benestar social.

- Desenvolver actividades para a promoción, formación e asesoramento en materia de Prevención de Riscos Laborais, Medio Ambiente, Seguridade e Saúde, Responsabilidade Social Corporativa.

- Informar, formar e asesorar á cidadanía en xeral, sobre todos os temas relacionados coa cultura emprendedora.

- Difundir a cultura emprendedora en todos os ámbitos, especialmente na educación.

- Proporcionar formación para a capacitación da cidadanía en xeral, para mellorar as súas competencias e coñecementos en diversos ámbitos.

- Definir unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social coma económico.

3.- Aprobado o convenio de colaboración coa Asociación SEARA, CIF G-15839491A para financiar o proxecto PROEM por importe de 22.331,52€ de acordo co texto que se achega.

4.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24100/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente ao exercicio 2019

5.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019, POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “PROEM”, ANUALIDADE 2018

Na Coruña, a

REUNIDOS

Doutra parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da Asociación de Empresarios SEARA

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA consideran de gran interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Empresarios SEARA, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA, CIF G-15839491, para o financiamento do proxecto "PROEM", que nace para fomentar os valores do emprendemento entre a comunidade educativa. O seu obxectivo consiste en incentivar a cultura emprendedora no ámbito educativo e favorecer a aparición de novos proxectos, tanto empresariais como doutra natureza.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación de Empresarios SEARA levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Labores de coordinación	3.800,00€
Labores asesoramento (entidades)	20.600,86€
Material didáctico	2.331,52€
Gastos de transporte	900,00€
Outros gastos xerais (10%)	3.070,26€
Total custo proxecto	30.702,64€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 22.331,52€, o que representa unha porcentaxe do 72,73% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 72,73% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Empresarios SEARA obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle á Asociación de Empresarios SEARA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que a Asociación de Empresarios SEARA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a

certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, a Asociación de Empresarios SEARA achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Asociación de Empresarios SEARA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Empresarios SEARA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

No caso de gastos de persoal contratado directamente pola asociación, indicarse para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A asociación deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de

- publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes
- 7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.**

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de setembro de 2018 e ata o 31 de outubro de 2019.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Empresarios SEARA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Empresarios SEARA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación nestre parzo adicional non eximirá á Asociación de Empresarios SEARA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a correcta e acuada xustificación o cumprimento dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle aboane o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legal do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación de Empresarios SEARA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Empresarios SEARA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da

Asociación de Empresarios SEARA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Empresarios SEARA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de setembro de 2018 e ata o 31 de outubro de 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2019**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. A Asociación de Empresarios SEARA deberá ter presentada a xustificación en todo caso antes do día **31 de decembro de 2019**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación de Empresarios SEARA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da
Asociación de Empresarios SEARA

Asdo:

Asdo:"

17.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de agosto de 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de agosto de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

18.- Dación de conta da acta da comisión de control interno das operacións de recadación feitas polo Servizo de Recadación e as zonas de recadación nos anos 2017 e 2018 (RP 6729/2019)

Dáse conta ao Pleno do contido da acta da comisión conxunta de control intervención-recadación sobre as actuacións de investigación dos valores de xestión de cobro no Servizo de Recadación e nas zonas de recadación correspondentes aos exercicios 2017 e 2018.

19.- Dación de conta das Resolucións de Presidencia números 25587 do 24/07/2019, 25588 do 24/07/2019 e 25603 do 26/07/2019, todas elas complementadas pola número 26247 do 31/07/2019, e 26249 do 31/07/2019, 26250 do 31/07/2019, 27464 do 16/08/2019, 29481 do 3/09/2019 e 31593 do 18/09/2019 que modifica á 25588 do 24/07/2019

Dáse conta ao Pleno das Resolucións de Presidencia números 25587 do 24/07/2019, 25588 do 24/07/2019 e 25603 do 26/07/2019, todas elas complementadas pola número 26247 do 31/07/2019, e 26249 do 31/07/2019, 26250 do 31/07/2019, 27464 do 16/08/2019, 29481 do 3/09/2019 y 31593 do 18/09/2019 que modifica á 25588 do 24/07/2019, polas que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

20.- Aprobación da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"I.- ANTECEDENTES.

No Boletín Oficial do Estado número 251 de 17 de outubro de 2018 publicouse a convocatoria para proveer varias prazas polo sistema de promoción interna cuxas bases se publicaran no Boletín Oficial da Provincia número 150 de 8 de agosto de 2018 (modificación no BOP nº 187 de 01/10/2018).

Finalizados os correspondientes procesos selectivos faise preciso transformar as prazas das que son titulares os funcionarios aprobados, así como algúns dos postos que ocupan

actualmente, mediante a modificación dos vixentes Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo.

Así mesmo, a Dirección do Fogar Infantil Emilio Romay, coa finalidade de adaptarse á normativa vixente en materia de centros de protección de menores, solicita a transformación de tres prazas e postos de auxiliar educador (subgrupo C2) que se encontran actualmente vacantes en tres prazas e postos de Educador infantil (grupo B).

Tendo en conta a Resolución de Presidencia nº 1854/2018 de 18/01/2018 procede regularizar a situación adscribindo á zona recadatoria 2 un analista técnico procedente do Servizo de informática e administración electrónica, e á súa vez, transformar unha praza e posto de administrativo da Tesourería provincial nun analista programador, adscrito ao dito Servizo de informática.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en relación cos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

III.- ACORDO

1. Aprobar a transformación das prazas e postos que se sinalan de seguido e modificar, en consecuencia, a Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal vixentes.

-Transformar unha praza de ATS/DUE, subgrupo A2 e unha praza de ATS/DUE de empresa subgrupo A2 en dúas prazas de ATS/DUE de empresa, subgrupo A1. Transformar o destino dos postos de ATS/DUE de empresa do nivel 21 ao nivel 22, por ser este o nivel mínimo dos postos base do subgrupo A1 nesta Corporación.

-Transformar unha praza e posto de subalterno nunha praza e posto de auxiliar de administración xeral e adscribilas ao Parque móbil.

-Transformar un posto de subxefe de servizos internos nun posto de auxiliar de administración xeral e adscribilo á Imprenta provincial.

-Transformar tres prazas de auxiliar técnico de infraestruturas e conservación (C1) e tres postos de auxiliar técnico de vías e obras (C1/B) en tres prazas e tres postos de Técnico/a en infraestruturas, subgrupo A2, no Servizo de vías e obras.

-Transformar unha praza e posto de administrativo de administración xeral (C1) nunha praza e posto de Axudante de arquivo e biblioteca (A2) adscrito ao Arquivo.

-Transformar unha praza de Técnico especialista en educación infantil (B) e un posto de Especialista en Educación infantil (B) nunha praza e posto de Axudante de arquivo e biblioteca (A2) adscrito á Biblioteca.

-Transformar dúas prazas de cociñeiro/a, subgrupo C2 en cociñeiro/a, subgrupo C1 (unha no Fogar Infantil Emilio Romay e outra no IES Calvo Sotelo).

-Transformar catro prazas de conductor/a mecánico, subgrupo C2 en conductor/a, subgrupo C1 (Parque Móbil).

-Transformar oito prazas de Oficial de imprenta, subgrupo C1, en oito prazas de Oficial de imprenta, grupo B (Imprenta provincial).

-Transformar tres prazas de oficial operario de servizos, subgrupo C2 en tres prazas de oficial de mantemento, subgrupo C1 no Servizo de arquitectura.

-Transformar tres prazas de administrativo de administración xeral, subgrupo C1, en tres

prazas de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2.

-Transformar seis prazas de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, en seis prazas de Técnico/a especialista en xestión, grupo B.

-Transformar cinco postos de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, en cinco postos de Técnico/a especialista en xestión, grupo B.

-Transformar unha praza de auxiliar técnico en infraestruturas e conservación, subgrupo C1, nunha praza de auxiliar técnico en infraestruturas e conservación, grupo B no Servizo de vías e obras.

-Engadir o subgrupo A2 para os postos de Oficial maior de recadación.

-Engadir o grupo B para os postos de Secretaría de Vicepresidencia.

Así mesmo:

-Transformar tres prazas e postos de auxiliar educador/a (subgrupo C2) en tres prazas e postos de Educador/a infantil, grupo B.

-Adscribir unha praza e posto de Analista técnico, subgrupo A2, adscrito ao Servizo de informática e administración electrónica á Zona recadatoria nº 2.

-Transformar unha praza e posto de administrativo, subgrupo C1, adscrito á Tesourería Provincial nunha praza de Técnico/a especialista en informática, grupo B, e posto de analista programador, adscritos ao Servizo de informática e administración electrónica.

2. Aprobar a matriz para a determinación do complemento específico do posto de nova creación que figura como anexo I.

3. Aprobar as funcións do novo posto de traballo que figura como anexo II.

4. Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2019 que figura como Anexo III e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse éstas a aprobación elevarase a definitiva.

5. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal para o ano 2019 que figura como Anexo IV, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa complementaria e de desenvolvemento. De non producirse reclamacións durante o citado prazo o cadro de persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, en relación co artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986.

6. Aprobar o organigrama 2019 que figura como Anexo V.

ANEXO I - Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación

POSTO	NIVEL	GRUPO	F.I.A	27%	F.I.B	3%	F.II	5%	F.III	5%	F.IV.A	13%	F.IV.B	7%	F.V	5%	F.VI.A	25%	F.VI.B	10%	PUNTUACIÓN TOTAL	ESPECÍFICO 2019
Técnico/a especialista en xestión	20	B	4	25,00	3	100,00	1	33,33	1	33,33	1	10,00	1	25,00	2	50,00	4	25,00	5	50,00	29,88	14.947,48

ANEXO II

CATÁLOGO DE FUNCIÓNS DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
Técnico/a especialista en xestión	B	AE	Funcións de trámite e propostas de resolución de expedientes administrativos de dificultade moderada, incluíndo a formulación dos actos de trámite precisos. Elaborar informes a partir da información proporcionada polos seus superiores. Clasificar, rexistrar e archivar comunicación e documentos. Xestionar os procesos de traballo de carácter administrativo, económico e contable. Realizar xestións administrativas de tesorería e de recursos humanos. Informar e atender aos cidadáns, tanto presencial como telefónicamente. Utilizar as aplicacións informáticas necesarias para o desempeño do posto de traballo. Coñecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón a Unidade na que desempeña as súas funcións. Efectuar propostas de mellora aos superiores en relación aos sistemas e procesos de traballo na dependencia na que presta servizo. Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación.	Transversalidade funcional grao 3 Tramitación anticipos caja fija.	



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
			Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia. O desempeño dos ditos cometidos estará predeterminado pola ubicación orgánica para a prestación do servizo.		



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

ANEXO III
RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2019

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TTT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
GABINETE DE PRESIDENCIA												
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	A2	B	C1	1	N	LD		AG	9/8/3	22.550,57
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.414.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A2	B	C1	1	N	LD		AG	9/8/3	22.550,57
1.1.213.4	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	B	C1	1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	B	C1	1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	C1		1	N	LD		AG	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	22.550,57
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	24	A1	A2	1	N	CE		AG/AE	9	Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	29.261,75
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	A2	B	C1	1	N	LD		AG/AE	9/8/3	22.550,57
1.1.15.75	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3	Plena dispoñibilidade	13.521,91
ASESORÍA XURIDICA												
1.1.36.1	Asesor xurídico	28	A1		1	S	CE		AE	11	Letrado/a Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	37.023,05
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	26	A1		1	S	C		AE	11	Letrado/a Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	33.996,89



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.60.3	Ltrado asesor adxunto	26	A1		1	S	C		AE	11	Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	33.996,89
1.1.60.4	Ltrado asesor adxunto	26	A1		1	S	C		AE	11	Letrado/a Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	33.996,89
1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	18.148,76
1.1.408.3	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.3.69	Auxiliar admón. xrl.	16	C2		1	N	C		AG	4		11.346,04
1.1.3.165	Auxiliar admón. xrl.	16	C2		1	N	C		AG	4		11.346,04
SECRETARÍA XERAL												0,00
1.1.138.1	Secretario Xeral	30	A1		1	S	LD		HN		Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	50.607,58
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	22	A2	C1	1	N	LD		AG	9/3	Libre dispoñibilidade	16.998,25
OFICIALÍA MAIOR												0,00
1.1.137	Oficial Maior	30	A1		1	S	LD		HN		Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	45.851,58
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	22	A2	C1	1	N	LD		AG	9/3	Libre dispoñibilidade	16.998,25
1.1.419.1	Xefatura de negociado de comunicación virtual e relacións coa imprenta	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.406.4	Técnico/a administración xeral	22	A1		1	N	C		AG	1		16.298,02
INFORMACIÓN E ACTAS												0,00
1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	24	A1	A2		1	S	C	AG/AE	10/9	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación Libre dispoñibilidade	25.185,12
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea	22	A1		1	N	C		AE	1/7		15.797,87
1.1.306.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre dispoñibilidade	19.657,91
1.1.354.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación At. Continua ao público Libre dispoñibilidade	19.657,91
1.1.204.1	Técnico coordinador normalización lingüística	24	A1		1	S	C		AE	12	Plena dispoñibilidade Coordinación	17.298,37



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística	22	A1		1	N	C		AE	12		15.797,87
1.1.421.1	Técnico/a medio/a en redes sociais	21	A2		1	N	C		AE	42		15.122,55
1.1.422.1	Técnico/a especialista en redes sociais	20	B		1	N	C		AE	41		13.947,08
1.1.15.65	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.15.178	Administrativo (información e actas)	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.15.212	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	14.130,65
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	18	C2		1	N	C		AG	4	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	12.830,13
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	18	C2		1	N	C		AG	4	Xornada de mañán con sábados alternos e limitacións de flexibilidade e/ou conciliación / At. continua público	12.830,13
SERVIZOS INTERNOS												0,00



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓN	C. ESPECÍFICO 2019
													Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Coordinación	
1.1.3.145	Xefatura de servizos internos	18	C2			1	N	C		AG	4			20.458,23
1.1.11.2	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.6	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.7	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.8	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.9	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.21	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.23	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.24	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.26	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
1.1.11.28	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
ARQUIVO														0,00
1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	24	A1	A2		1	S	C		AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.307.1	Xefatura de negociado de arquivo	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.85.7	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			14.622,40
1.1.15.45	Administrativo admón. xrf.	19	C1			1	N	C		AG	3			13.480,39
	Axudante arquivo e biblioteca	21	A2			1	N	C		AE	14			14.622,40
1.1.11.25	Subalterno	13	AP			1	N	C		AG	5			10.712,53
IMPRESA														0,00
													Xomada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	
1.1.81.1	Encargado de imprenta	21	A2	B		1	N	C		AE	2/8			25.910,41
	Xefatura de negociado responsable de impresión	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.418.1	Xefatura de negociado responsable de preimpresión	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.418.1	Oficial de imprenta deseñador gráfico	20	B			1	N	C		AE	3/8			14.947,48
1.1.377.1	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.2	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	14.655,81
1.1.377.5	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	14.655,81
1.1.377.8	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8		Ocupado por oficial industrial	14.655,81
1.1.377.3	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.4	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.6	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.7	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.9	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.10	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3/8		*	14.655,81
1.1.377.11	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.377.12	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.377.13	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3/8			14.655,81
1.1.408.4	Xefatura de negociado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.410.1	Operario de imprenta	18	C2			1	N	C		AE	4			11.846,44
	Auxiliar admón. xrl.	18	C2			1	N	C		AG	4			11.346,04
PARQUE MOBIL														0,00
1.1.295.1	Xefatura de negociado parque móbil	22	A1	A2	B/C1	1	N	C		AG	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria Coordinación	
1.1.411.1	Condutor coordinador	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			19.949,68
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.112.1	Condutor de presidencia	15	C1	C2		1	N	LD		AE	3/4			22.033,76
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.112.2	Condutor de presidencia	15	C1	C2		1	N	LD		AE	3/4			22.033,76
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.117.6	Condutor	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			18.649,16
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.109.1	Condutor	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			18.649,16
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.109.2	Condutor	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			18.649,16
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.109.4	Condutor	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			18.649,16
													Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total Condución diaria	
1.1.109.5	Condutor	15	C1	C2		1	N	C		AE	3/4			18.649,16



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF.	OBSERVACIÓNES	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.109.6	Conductor	15	C1 C2	1	N	C		AE	3/4		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total Condición diaria	18.649,16
1.1.109.7	Conductor	15	C1 C2	1	N	C		AE	3/4		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total Condición diaria	18.649,16
	Auxiliar admón. xrl.	18	C2	1	N	C		AG	4			11.346,04
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN												0,00
1.1.356.1	Xefatura de servizo de patrimonio e contratación	28	A1		1	S	CE	AG/AE	10		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	37.023,05
1.1.308.1	Xefatura de sección I	24	A1 A2		1	S	C	AG/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.378.1	Xefatura de sección II	24	A1 A2		1	S	C	AG/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.309.1	Xefatura de negociado I	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.310.1	Xefatura de negociado II	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.311.1	Xefatura de negociado III	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.312.1	Xefatura de negociado IV	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.420.1	Xefatura de negociado V	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.406.2	Técnico/a administración xeral	22	A1		1	N	C	AG	1			16.298,02
1.1.178.13	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.7	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.15.99	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.178.48	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.136	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.15.144	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.178.53	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.197	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.15.219	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.15.208	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.394.1	Xefatura de sección de patrimonio	24	A1 A2		1	S	C	AG/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.381.1	Xefatura de negociado de patrimonio	22	A1 A2 B/C1		1	N	C	AG/AE	10/9/8/3		Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.178.38	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.41	Administrativo admón. xrl.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONOMICO FINANCIERA												0,00
1.1.138.1	Interventor xeral	30	A1		1	S	LD	HN			Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	50.607,58



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.140.1	Viceinterventor	30	A1		1	S	LD		HN		Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	45.851,58
1.1.141.1	Interventor adxunto	30	A1		1	S	LD		HN		Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	45.851,58
1.1.141.2	Interventor adxunto	30	A1		1	S	C		HN		Hab. Nacional Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	45.851,58
1.1.21.2	Secretaría	22	A2	C1	1	N	LD		AG	9/3	Libre dispoñibilidade	16.998,25
SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO												0,00
1.1.344.1	Xefatura de servizo de fiscalización e control financeiroiro	28	A1		1	S	CE		AG/AE	10	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Disponibilidade total	37.023,05
1.1.321.1	Xefatura de sección de control I	24	A1	A2	1	S	C		AG/AE	10/9	Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.345.1	Xefatura de sección de control II	24	A1	A2	1	S	C		AG/AE	10/9	Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.424.1	Xefatura de sección de control III	24	A1	A2	1	S	C		AG/AE	10/9	Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.322.1	Xefatura de negociado fiscalización subvencións	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.323.1	Xefatura de negociado contratos e outros gastos correntes	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.324.1	Xefatura de negociado fiscalización plans e outros pto con financiamento afectado	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.325.1	Xefatura de negociado fiscalización de persoal	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.326.1	Xefatura de negociado control de ingresos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.346.1	Xefatura de negociado control financeiro e auditoría de gastos	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/8/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.178.8	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.178.9	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.32.6	Técnico de xestión económico-financiera	21	A2		1	N	C		AE	2		15.122,55
1.1.33.27	Técnico de xestión tributaria	21	A2		1	N	C		AE	2		15.122,55
1.1.15.3	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56
1.1.178.10	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.178.27	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.15.182	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56
1.1.15.183	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56
1.1.15.184	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56
1.1.178.16	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.178.22	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C		AG	9		15.122,55
1.1.15.188	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56
1.1.15.189	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C		AG	3		12.646,56



Deputación
DA CORUÑA



Deputación
DA CORUÑA

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2019
1.1.178.41	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.178.55	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.192	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.15.211	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
SERVIZO DE CONTABILIDADE												0,00
1.1.245.1	Xefatura de servizo de contabilidade	28	A1		1	S	CE	AG/AE	10		Xomada especial dedicación	
1.1.327.1	Xefatura de sección contabilidade I	24	A1	A2	1	S	C	AG/AE	10/9		Incompatibilidade total	
1.1.328.1	Xefatura de sección contabilidade II	24	A1	A2	1	S	C	AG/AE	10/9		Dispoñibilidade total	37.023,05
1.1.390.1	Xefatura de sección contabilidade III	24	A1	A2	1	S	C	AG/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.423.1	Xefatura de sección contabilidade IV	24	A1	A2	1	S	C	AG/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	24.534,86
1.1.329.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.384.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.330.1	Xefatura de negociado III	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.347.1	Xefatura de negociado IV	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.348.1	Xefatura de negociado V	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.391.1	Xefatura de negociado VI	22	A1	A2	B/C1	1	N	C	AG/AE	10/9/3	Libre dispoñibilidade	18.173,82
1.1.367.11	Técnico financeiro tributario	22	A1		1	N	C	AE	1			16.298,02
1.1.178.50	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.178.52	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.90	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
1.1.178.51	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.178.36	Técnico de xestión de admón. xrf.	21	A2		1	N	C	AG	9			15.122,55
1.1.15.194	Administrativo admón. xrf.	19	C1		1	N	C	AG	3			12.646,56
	Técnico/a especialista en xestión	20	B		1	N	C	AE	45			14.947,48
Dous días despois deste Pleno, tiveron que sufrir na prensa, que desta Deputación, por certo, nunca saen notas do que acontece aquí, sae unha nota oficial e cóntase na nota oficial o que interesa, pero acontecen cousas que a veces son interesantes, este día si, apareceu en grandes titulares, "O deputado, alcalde de Oleiros, García Seoane, vota en contra...", como se estivera eu contra o mundo. Dous días despois disto, sae unha nota de prensa onde se solicitan convenios por parte do alcalde de Cambre ao presidente da Deputación para intentar sacar adiante outro proxecto que se pretendía executar na zona da Patiña, ese que dicía eu que era no mes de decembro. Aquela escandalosa proposta efectuada polo dito alcalde, desde o meu punto de vista, raiaba na prevaricación, dado que coa escusa de dotar de beiravía un pequeno tramo de estrada provincial na zona da Patiña, incluíase a construción dun muro de contención por importe de 136.436,99 € que afectaba ao predio dun primo do sr. Patiño e que nada tiña que ver co que nós queríamos realizar. É unha estrada provincial, hai que dar seguridade, polo tanto, xa se expuxo no seu día que había que facer as obras da forma que había que facelas, sen pagarlle muros a ninguén. Nos anos anteriores a Deputación construíu ata a parcela esta en cuestión, que eu dicía que non había que facer, construíu as beirarrúas, hai unha beirarrúa construída, non había que facer beirarrúa ningunha aí, nin había que facerlle muro a ninguén porque non lle tirabamos a ninguén ningún muro. Polo tanto, só é necesario se hai un perigo grande, que unha parcela, que tamén é do mesmo propietario, neste caso parente do alcalde, e que ten unha casa en ruínas, que está sobre a estrada, cun serio risco para as persoas que pasan alí e que, por tanto, si a Deputación, nunha estrada que é súa, debe de actuar. Como lle consta á Presidencia, porque llo fixen saber no seu día, ese convenio non se levou adiante, pero como dicía a prensa de que posiblemente fora, este é o motivo desta moción.

Por todo o exposto, e dado que a Deputación ten a obriga de velar pola seguridade dos peóns e do tráfico rodado que circula polas súas estradas solicito ao Pleno que por parte da Deputación se elimine o tapón que orixina a casa en ruínas e se proceda a dar continuidade a senda xa realizada no seu día, segundo fotos que acheguei nos escritos que no seu momento presenteí, así como tamén consta nos arquivos da Deputación, e que esta obra debe afectar afectar única e exclusivamente ao predio en cuestión, que é o tapón que hai, e, polo tanto, no caso de que non se cedera o solo da única parcela afectada na que se sitúa a casa en ruínas, requirir ao Concello de Cambre, igual que fixo no centro de Cambre, que tirou tres ou catro casas, porque estaban en ruínas, segundo a normativa vixente, que aplique esta normativa e proceda á demolición da ruína por ser unha obriga do Concello de Cambre, e que por parte da Deputación, unha vez demolida a vivenda, se expropie o solo necesario, ou se negocie co propietario para a dotación do beirarrúas, sen necesidade de facer muros de contención ou peches que non existen.

Os organismos públicos temos obriga cando queremos ampliar unha estrada, unha praza, etc., se hai que expropiar, e hai muros, e hai outras cousas, esas hai que pagalas, e se hai un compromiso amigable, eu tírolle o muro e vólvollo a reconstruír, iso se pode facer. Aquí non hai muros, o de Berlín xa se tirou hai moito tempo, e non hai muros, e polo tanto, eu entendo que non hai que facer muros.

O que pido é que se faga esa obra, que se lle dea seguridade aos peóns que pasan cara a Cambre e que, polo tanto, con estes criterios, demolición Concello de Cambre, tamén podíaa demoler a Deputación, se o dono non cobra nada por ela, porque claro aquí quedaba todo no aire, unha ruína non hai que pagala, o concello, calquera concello ten a obriga, co perigo que ten esta ruína, de tirala nesa estrada, esta é a proposta que fago.

Sr. Presidente

Eu o que si que me gustaría era, ante a formulación que fai o voceiro de Alternativa, Gelo, o complexo do asunto porque temos o informe favorable de Vías e Obras, pero entendo que habendo polo medio expedientes con carácter marcado urbanístico, con carácter marcado legal, debido a que falamos dun convenio de escisión, que en principio xa no estaría en vigor, falamos dun posible expediente de ruína, que tería que instar o propio concello, e para non enrarecer, ao final esta é a casa dos concellos, polo tanto, eu recoñezo a preocupación que transmite Gelo sobre un asunto, que temos todos, e que iso debe primar por riba de todo, é dicir, ese pequeno treito de beirarrúas, como dis Gelo, é imprescindible facer, estamos todos de acordo en que hai que facelo e, polo tanto, facelo nun marco de seguridade xurídica e urbanística plena. Polo tanto, si que me gustaría é que a isto váiselle dar solución viaria, porque a seguridade viaria dos rapaces que van ao centro escolar está por riba de todo, pero en calquera caso para non enrarecer a cuestión incluso co propio Concello de Cambre pediría que retiraras a moción co compromiso de que, primeiro, se lle vai dar solución a esta situación de inseguridade viaria nese treito, nesa estrada e, por outra parte, vaise facer nun marco de colaboración claro e plenas garantías xurídicas e, por suposto, da maneira máis económica posible. Creo que aí engloba todas as túas peticións, que son lóxicas, e engloba ademais como debe de rexer un proxecto dunha administración.

Sr. García Seoane

Non teño ningún problema en retirala se se cumpre o que estamos a falar, se nesa parcela en cuestión por parte da urbanización se fai esa beirarrúa, se saca ese tapón perigosísimo para os veciños, que é o que quero, o que non quero é que se fagan muros onde non hai que facelos. E iso si ten que quedar claro, onde non hai que facelos. Se é así, retiro a moción, co compromiso de que Deputación vai abordar unha obra que se lle pertence ademais, porque é unha estrada provincial, que non ten ningún problema para pedir permisos a ninguén.

Sr. Presidente

Queda retirada a moción.

II.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a candidatura a Patrimonio da Humanidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2018, a Xunta rexistraba ante a UNESCO a candidatura de Illas Cíes Parque Nacional Illas Atlánticas a Patrimonio da Humanidade. Dita candidatura presta atención singular ao indubidable valor das Illas Cíes pero dentro do excepcional conxunto que conforma o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Considerou a Xunta que os valores que deben promover a declaración como Patrimonio Mundial son os mesmos que impulsaron a declaración conxunta destas illas como Parque Nacional. O proceso de creación deste Parque Nacional contou co apoio unánime do Parlamento de Galicia na remisión ao Congreso da súa lei de creación. De feito, as obxeccións dos grupos da oposición, lonxe de ir no camiño de restrinxir a extensión do Parque ían, polo

contrario, no camiño da súa ampliación, como reflicte o feito de que na posterior tramitación no Congreso se engadise, a instancias do Grupo Socialista, a illa de Cortegada.

Porén, a deriva actual do PSdeG, marcada polo localismo da súa principal figura institucional, considera que aquilo que era bo para ser no seu conxunto Parque Nacional non o é para ser Patrimonio Mundial, e pretende excluír aos arquipélagos que acompañan ás Cíes da dita consideración, sen ter en conta que, de feito, todo os bens naturais españois incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO son Parques Nacionais e non partes destes.

Recentemente, os esforzos da Xunta por avanzar na implantación do primeiro Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) deste parque (un plan que ten repercutido, por certo, moi positivamente, na conservación das Cíes ao evitar a súa masificación) teñen sido boicoteados por determinados dirixentes socialistas que pretenden aproveitar calquera cousa para avanzar na súa vontade de que só as Cíes e non o resto de illas se vexan beneficiadas pola declaración outorgada pola UNESCO, ignorando que as medidas impostas polo PRUX non están directamente vencelladas á declaración como Patrimonio da Humanidade senón que van ligadas á especial protección derivada do seu vixente status como Parque Nacional.

O Grupo Popular considera necesario que haxa un pronunciamento da Deputación de A Coruña sobre o fondo do asunto: é dicir, se considera ou non esta Cámara que, tal e como solicitan insistentemente algúns representantes institucionais do socialismo galego, debe excluírse aos arquipélagos de Ons, Sálvora ou Cortegada da candidatura a Patrimonio da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

ACORDO

Instar á Deputación da Coruña a sumarse á iniciativa da Xunta de Galicia na defensa ante a UNESCO dunha candidatura a Patrimonio da Humanidade que abarque a totalidade do territorio do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que, por tanto, non exclúa aos arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada.

Sr.Durán Guillán

En febreiro de 2018, a Xunta rexistraba ante a UNESCO a solicitude da candidatura de Illas Cíes – Parque Nacional Illas Atlánticas a ser nomeada Patrimonio da Humanidade. A Xunta considerou que se debe promover a declaración como Patrimonio Mundial nos mesmos criterios que se impulsou no seu momento a creación conxunta de todas as illas como Parque Natural, algo que foi referendado por unanimidade no Parlamento de Galicia cando foi remitida esta aprobación ao Congreso dos Deputados. Ultimamente, o significativo mandatario local do Partido Socialista está considerando que aquilo que era bo en teoría para todo o conxunto do parque nacional, non é bo para o parque mundial, por iso entendemos que, como parte do territorio das illas que se pretende determinar, como patrimonio da humanidade das Illas Cíes - Parque Nacional Illas Atlánticas, pertence á cidade de Ribeira, pertencente á provincia da Coruña, consideramos que é interesante, ou significativo, incluso necesario, que haxa un pronunciamento da Deputación no que se recoñeza se realmente se determina ou non que é importante que o nomeamento de Patrimonio da Humanidade sexa só para as Illas Cíes ou para o conxunto de todas as illas que compoñen o Parque Nacional das Illas Atlánticas, incorporando nelas á illa de Ons, a de Cortegada e a devandita de Sálvora.

Por iso instamos un acordo que é instar á Deputación da Coruña a sumarse á iniciativa da Xunta de Galicia na defensa ante a UNESCO dunha candidatura a Patrimonio da Humanidade que abarque a totalidade do territorio do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas e, que inclúa por tanto a illa de Ons, a illa de Cortegada e a de Sálvora.

Sr. Lema Suárez

Un par de cuestións, eu estou de acordo co contido da moción, imos apoiala, pero cando se traen mocións a esta entidade creo que hai que adaptala, porque finaliza a exposición de motivos dicindo, por todo o anteriormente exposto o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte proposición non de lei, creo que non lle corresponde a esta institución lexislar, senón que máis ben é unha moción, entendo que non ten ese carácter de proposición de lei, entendo que é un copia e pega que neste caso saíu un pouco mal.

Diría que aquí existe, como é de coñecemento público, un conflito entre a iniciativa do Concello de Vigo sobre as Illas Cíes e esta ampliación que fai a Xunta de Galicia expendéndoa ao resto das illas atlánticas, que pensamos que o lamentamos, que é unha mágoa que nin tan sequera en algo tan substancial, tan simple, como debiera de ser a protección da contorna natural se poñan de acordo dúas administracións que deberían de estar interesadas no mesmo, hai efectivamente unha loita por ver quen, dalgunha maneira, abandeira, ou chega antes a substanciar este recoñecemento.

En todo caso dicir que no que ten que ver co coidado da contorna, a explotación das Illas Cíes nese momento xa lle correspondía á Consellería de Medio Ambiente no ano 2017, se non lembro mal, foi desastrosa, foi un caso característico de sobreexplotación dunha contorna protexida, poñendo en perigo tamén a súa sustentabilidade. Alégrome de que agora sexa tamén a Xunta de Galicia quen queira estender esta medida de protección alén das Illas Cíes, pero dicir que cando lle correspondía e era competencia única e privativa dela regular a explotación das Illas Cíes, daquela foi unha xestión realmente desastrosa, e hai que dicir que estas contornas naturais, ademais de ser recursos turísticos, son tamén contornas protexidas e que, polo tanto, hai que ter en conta aspectos como a súa capacidade de carga, ou tamén a sustentabilidade. Polo tanto, por suposto apoiaremos esta moción, pero entendemos que hai que equilibrar as propostas que lle dan potencia turística a un recurso tamén coa sustentabilidade que require e tamén coa protección da súa contorna, e finalmente esa pequena corrección material, porque a esta Cámara non lle corresponde promover proposicións non de lei como comentei ao principio. Grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente dicir que eu son unha persoa que se se me coñece por algo é por defender a costa desta país, e neste caso deste país noso, de Galicia, no que a min me corresponde, hoxe Oleiros case todo é público, case toda a costa de Oleiros, vinte e seis quilómetros, case toda é pública.

Eu creo que meter estas illas que non están, ou que non quere meter o Concello de Vigo, é importante, porque con esa normativa, con esa protección que se lle vai dar, estaremos evitando que haxa máis illas onde se fan eses edificios alí ao lado de Vigo, Torallas, de que haxa máis, porque haber Torallas no futuro, entón a través de que sexa un tema de interese internacional lograremos a preservación destas costas tan belas que temos e destas illas que son patrimonio de todos. Polo tanto, nós imos votar a favor, non porque sexa do Partido Popular, neste caso ten a razón e ímoslla dar, e hai que deixarse de iluminacións e hai que abranguer o global, o interese xeral e a preservación do medio natural que, desde logo, incluídas as catro zonas, está claro que teremos un patrimonio a ensinar, a conservar e a engrandecer a nosa Galicia porque a nivel mundial coñecerán este sitio, e serán tamén sitios de turismo. Polo tanto, o noso voto vai ser afirmativo.

Sra. Muíño Filgueira

Nós, antes de nada o que queremos é dicir que o BNG apoia sen reserva esta candidatura

das Illas atlánticas ao patrimonio da humanidade, pero tamén dalgún modo dicir que estando esta candidatura xa presentada, estando nun período de avaliación, entendemos que o mellor xeito de arroupar esta candidatura para que as cousas vaian ben non é alimentar un debate ao redor de dúas ficticias candidaturas porque que eu saiba non existe ningunha candidatura Illas Cíes. É certo que si se produciu un certo conflito e malestar nun momento dado cun colectivo de veciños en Ons, que entendemos que a estas alturas xa está resolto e que obtivo unha solución satisfactoria que dalgún feito obtivo o respaldo por parte destes veciños tamén para a candidatura. Entón, si que consideramos que o máis responsable é, na medida do posible non continuar botando leña a este lume que non creo que sexa o máis favorable se estamos falando de defender esta candidatura.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós estando a favor da candidatura si que é certo que o deputado do Partido Popular que expuxo os acordos desta moción non leu a exposición de motivos na súa totalidade, e estando de acordo cos acordos ou co acordo que propón esta moción, si que a exposición de motivos é un pouco de traca, por non dicir que ten un carácter marcadamente electoralista porque se efectivamente o que se persegue é a declaración das Illas atlánticas como patrimonio da humanidade, "Porén a deriva legal do PSdeG marcada polo localismo da súa principal figura institucional considera que aquilo..." parece que non hai intención en buscar unanimidade no acordo cando se fai referencia puramente electoralista, digo, neste caso ao Partido que estamos aquí representando e que, loxicamente nós, xa digo, estamos totalmente de acordo co acordo desa moción. Polo tanto, si que solicitaríamos que se retire a exposición de motivos e non temos ningún inconveniente en apoiar ese acordo que se formula aquí, pero si desde logo que non podemos facelo cunha exposición de motivos que é puramente electoralista e que vai na liña do que comentaba a compañeira do BNG dese enfrontamento-competencia Feijóo Abel Caballero, se un pon moitas luces na cidade, o outro ilumina a ponte de Rande, se un pide as Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, o outro mete Ons, Sálvora e demais, é dicir, esa competencia insá entre dúas administracións que, sinceramente, non acabamos de compartir, e que moito menos compartimos que se traia á Deputación Provincial da Coruña.

Dito isto, e un punto e á parte, eu simplemente, gustárame solicitar aos compañeiros do Partido Popular que trasladen á Xunta de Galicia tamén a necesidade de que haxa plans de xestión para o resto dos parques naturais que temos, entre eles na nosa provincia, e podo falar do parque natural das fragas do Eume que leva esperando por ese plan, que aquí a Xunta promete para as Illas Atlánticas de forma inmediata, vinte e tres anos, cando na declaración de parque natural das fragas do Eume se establecía que en dous anos terían ese plan, e que se renovaría cada cinco, ben, pois nin o temos, nin se renovou, porque levamos vinte e tres anos agardando por el, ao igual, e non sei se o saben moitos dos señores deputados, que os outros catro parques naturais de Galicia, que tampouco a día de hoxe contan con ese plan. Polo tanto, se prometen iso para as Illas Atlánticas, que nos parece moi ben, que sexan un pouco máis rápidos na xestión deses plans, consensuados, iso si, sen lugar a dúbidas, cos concellos afectados e sobre todo cos propietarios, deses concellos, tal e como veñen demandando hai moitos anos, e establecendo mecanismos, como fai neste caso Cantabria ou País Vasco, de compensación e indemnización a eses propietarios, ou ben que a Xunta expropie e adquira eses terreos para patrimonio de todos os galegos, pero senón é así que haxa algún tipo de compensación para que os propietarios non vexan minguados en tal caso os seus dereitos e as posibilidades nalgún dos casos de masas forestais, de ter algún tipo de rendibilidade. Se iso no pode ser así, repito, que a Xunta tome nota do que están a facer outras comunidades autónomas, que é o que veñen demandando os veciños e propietarios destes parques naturais, no caso deste que afecta ao meu concello e a outros catro da comarca do Eume, desde hai máis de vinte anos.

Dito iso, volvendo á moción, se se retira a exposición de motivos, ou polo menos se eliminan esas referencias de carácter político partidista, non temos ningún inconveniente en votar a

favor do acordo, que compartimos, como dixen inicialmente.

Sr. Durán Guillán

Permítame empezar polo principio. En canto á apreciación do membro da Marea ten vostede toda a razón que a redacción non é a adecuada, e por iso hai que modificala e retirala.

No resto das cousas mire, eu non lin a moción enteira porque daba por feito de que todos os membros que estamos aquí sentados tivemos a oportunidade de lela, creo que era redundante volver a ler algo que en teoría todos temos que ter coñecida, pero si o que ten a moción é unha descrición fiel dos feitos. Realmente a única candidatura rexistrada para a solicitude como patrimonio da humanidade é a realizada pola Xunta de Galicia, é a primeira e a única, como ben apreciaba antes a compañeira do BNG, e realmente quen quentou o discrepou, púxoo en tela de xuízo a dita candidatura é o alcalde de Vigo, creo que é o fiel reflexo da realidade, algo que todos coñecemos, e o único que formulou disgregar, separar, e que aquilo que debía de unirnos, que é o patrimonio medioambiental que temos no noso país, e sobre todo en Galicia, dotalo dun renome mundial, creo que é o que fixo, e nós o único que facemos é reflectir fielmente a realidade. Entendo que a vostedes non lles guste ou non o compartan, pero é a súa decisión, nós por iso non imos retirar nada que é un feito certo. Se tivesen ese talante, ou polo menos o alcalde de Vigo, o mesmo que están amosando vostedes aquí, esas boas palabras e esas boas intencións, non estaríamos hoxe propoñendo isto, propoñémolo porque realmente afecta a parte do noso territorio da provincia da Coruña, e por iso cremos que o que reflicte é a realidade do procedemento que ocorreu. E nada máis, realmente o que pretendemos é que se aprobe e que se ratifique, non imos retirar nada da exposición de motivos porque entendemos que é o fiel reflexo da realidade.

Sr. Fernández Piñeiro

Eu penso que estamos no Pleno, cría, da Corporación Provincial da Coruña, non da de Pontevedra, o Concello de Vigo penso que non pertence á provincia da Coruña, polo tanto, calquera referencia ao Concello de Vigo, como comprenderá vostede, neste ámbito no que nos atopamos, non me parece que teña moito sentido.

En todo caso, deixa vostede de manifesto a través das súas verbas, e por certo, non era un reproche o feito de que non lera vostede a exposición de motivos, simplemente fixen referencia ao que se di aquí, pero en todo caso deixa vostede de manifesto coa súa intervención que o que lle preocupa realmente é dicir que o PSdeG-PSOE, porque á parte díto aquí, non está a favor, ou estivo torpedeando esta cuestión, cando iso non se axusta á realidade. Se o que persegue vostede realmente e o seu Grupo é que se aprobe a moción, e imos ir máis alá, porque entendo que o que debían vostedes de perseguir non é que se aprobe a moción, senón que realmente se declare Patrimonio da Humanidade as Illas Atlánticas, cal é o problema?, retírase a exposición de motivos, que non achega absolutamente nada á moción, porque o que se traslada é o acordo, e nós votáremola a favor. Se vostede non a quere retirar é porque vostede ten certo interese, que vai máis alá do interese que pode amosar vostede polas Illas Atlánticas, en que quede constancia de algo que non é veraz, porque dicir que "a deriva actual do PSdeG...", eu son PSdeG, e eu non estou en contra disto, os que estamos aquí sentados somos PSdeG e non estamos en contra da declaración das Illas Cíes, polo tanto, non se axusta á realidade, a descrición que fai vostede non se axusta á realidade. Haberá alguén do PSdeG que poida estar en contra, como entendo que no Partido Popular tampouco teñen todos unha uniformidade en canto a aquilo que pensan, quero pensar, non somos cordeiros, somos persoas, cada un pode ter a súa opinión, e dentro dos grupos políticos, porque por moitas afinidades que poidamos ter a nivel ideolóxico e militemos neles, non estaremos a favor e totalmente coincidentes no cen por cento daqueles aspectos, pois no PSdeG pasa un pouco o mesmo, e como neste caso estamos na Deputación Provincial da Coruña, e os representantes do PSdeG da Deputación Provincial da Coruña non están en contra desa declaración,

pensamos e propoñemos que se debe retirar esa exposición de motivos que non ten que ver, nin con esta provincia, nin con esta Deputación, e non temos inconveniente ningún en votarlle a favor a vostede desa moción. Se insiste vostede en no retiralo porque temos eleccións á volta da esquina e hai que empezar a mover a maquinaria, ese é un problema de cadaquén, pero repito, nós non temos inconveniente en votala se nos centramos única e exclusivamente no acordo da moción. Se quere manter a exposición de motivos retirando digamos esas referencias ao Partido Socialista, tampouco temos ningún inconveniente en manter o resto da exposición de motivos, agora comprenderá vostede que hai cousas que a min parécenme bastante surrealistas nunha Deputación Provincial da Coruña que nada ten que ver co Concello de Vigo e os problemas que poidan ter entre ese Concello e o Sr. Feijoo. Moitas grazas.

Sr. Durán Guillán

Eu creo que a Illa de Sálvora pertence á provincia da Coruña, creo que a Deputación da Coruña ten que defender o seu territorio, ten que defender os intereses de todos e cada un dos municipios que constitúen esta provincia, se vostede cre que iso non é importante. Se algo tan importante para un municipio como é a declaración de patrimonio da humanidade non é importante para vostede, non o entendo, vostede faga o que queira, nós non imos retirar nada da moción porque seguimos dicindo que a situación na que nos encontramos hoxe onde temos que estar ratificando algo onde tiñamos que ter unanimidade co apoio de todos os políticos, porque é algo importante para a nosa Comunidade e para o noso país, non debía de ser obxecto de debate, se o é, é porque vostedes permitiron que isto ocorra, son vostedes os que teñen que solucionar o problema, se queren, senón sigan poñendo en perigo o nomeamento da candidatura, pero é a súa decisión. Nós non imos retirar nada, e vostedes se queren voten o acordo, que é o que se vota, e senón abstéñanse, é a súa libre decisión.

Sr. Fernández Piñeiro

Non sei se é que eu non me explico ben, non se me escoita ben, eu penso que isto funciona, non dixen en ningún momento que non fora importante, en ningún momento, dixen precisamente que é importante e que estamos de acordo, a quen non lle parece importante é a vostede, que prefire que non votemos a favor con tal de dicir que o PSdeG-PSOE é o malo da película neste asunto. Polo tanto, non poña na miña boca aquilo que está aplicando vostede cando lle solicito que modifique a exposición de motivos, que repito, para vostede, polo que estou vendo, e o seu Grupo, o máis importante non é que esta moción saia apoiada por unanimidade, non é que apoiemos a declaración das Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade, senón é deixar constancia de que o PSOE, que é algo que non é certo, porque xa lle digo que aquí estamos representantes do PSOE que non compartimos iso que di vostede nesa moción que fai o PSdeG, e di que non a vai modificar. Polo tanto, queda perfectamente retratada cal é a súa postura, non buscan o consenso neste caso, e nós estamos buscándoo, simplemente, eliminemos calquera referencia ao PSdeG-PSOE, porque senón eu tamén lle propoño a vostede facer unha emenda de adición e poñer que tamén esiximos á Xunta de Galicia celeridade en todos eses plans reitores que levan, no caso dalgún plan dalgún parque natural desta provincia, vinte e tres anos esperando, co conseguinte, digamos, serie de problemas que lle está xerando aos propietarios deses terreos. Está vostede de acordo en incluír iso tamén?, parécelle a vostede xusto que os propietarios dos terreos dos parques naturais reciban un tipo de compensación...?, claro, é que entraríamos nun debate moi complexo, e como eu non quero tampouco ir contra á Xunta neste tema, pídolle un pouco de seriedade e que non faga vostede na súa exposición de motivos unha referencia ao PSdeG que non se axusta á realidade, e polo tanto non lla podemos admitir.

Se vostede persegue, e remato xa, que se aprobe a moción por unanimidade, estando todos de acordo nese acordo, non hai inconveniente en retirala. Se vostede obedece ás directrices do Partido Popular en precampaña, cun criterio totalmente electoralista, manteña e nós votaremos o que teñamos que votar. Moitas grazas.

Sr. Durán Guillán

Só para rematar, realmente ese argumento é o que vostede di. Nós o único que pedimos é que se vote unha proposta, que está no acordo, e que di un reflexo da realidade, e que hoxe non se tería que votar se o Partido Socialista tivera feito o que tiña que facer e calmar as augas, ou recoller a alguén, pero como non imos poñernos de acordo sobre iso, isto non é un tema electoralista, senón que vai máis alá diso, pero vostedes voten en conciencia o que cren que teñen que votar. E se querían aclarar todas estas cousas eu creo que o lóxico era, como dixo antes a nosa portavoz, ter convocado unha Xunta de Portavoces para aclarar todas estas historias e ter consensuado incluso unha declaración institucional, son vostedes os que fan as cousas á súa maneira, e gobernan, e fan e convocan cando queren e como queren, despois isto é o reflexo desa realidade.

Sr. Presidente

En calquera caso imos votar, pero si quero aclarar unha cousa, agradecer, igual que agradecín a Gelo hai un pouco, que a pesar de non ter convocado unha Xunta de Portavoces, retirara unha moción presentada, insisto, agradecemento, tamén dáme pena que non se retire e non se converta nunha declaración institucional porque, como ben dicía o portavoz do Partido Popular neste asunto, non debe ser sometido a debate político. Creo que a exposición de motivos é un sometemento absoluto a un debate político porque acaba de explicar o portavoz do PSdeG efectivamente a diferenza de criterio neste tema que poidamos ter con outros compañeiros doutras localidades. En calquera caso estamos tan de acordo coa iniciativa, que se verá reflectida nun intento de convertela nunha declaración institucional, que creo que é como mellor se pode apoiar esta iniciativa ante as instancias que deciden da Unesco. Aí quedará claro que a deriva actual do PSdeG non a marca ninguén máis que o propio PSdeG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 19 deputados (13 do PP, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PSOE, aproba a seguinte moción:

" Moción do Grupo Provincial Popular sobre a candidatura a Patrimonio da Humanidade do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2018, a Xunta rexistraba ante a UNESCO a candidatura de Illas Cíes Parque Nacional Illas Atlánticas a Patrimonio da Humanidade. Dita candidatura presta atención singular ao indubidable valor das Illas Cíes pero dentro do excepcional conxunto que conforma o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Considerou a Xunta que os valores que deben promover a declaración como Patrimonio Mundial son os mesmos que impulsaron a declaración conxunta destas illas como Parque Nacional. O proceso de creación deste Parque Nacional contou co apoio unánime do Parlamento de Galicia na remisión ao Congreso da súa lei de creación. De feito, as obxeccións dos grupos da oposición, lonxe de ir no camiño de restrinxir a extensión do Parque ían, polo contrario, no camiño da súa ampliación, como reflicte o feito de que na posterior tramitación no Congreso se engadise, a instancias do Grupo Socialista, a illa de Cortegada.

Porén, a deriva actual do PSdeG, marcada polo localismo da súa principal figura institucional, considera que aquilo que era bo para ser no seu conxunto Parque Nacional non o é para ser Patrimonio Mundial, e pretende excluír aos arquipélagos que acompañan ás Cíes da dita consideración, sen ter en conta que, de feito, todo os bens naturais españois incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO son Parques Nacionais e non partes destes.

Recentemente, os esforzos da Xunta por avanzar na implantación do primeiro Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) deste parque (un plan que ten repercutido, por certo, moi positivamente, na conservación das Cíes ao evitar a súa masificación) teñen sido boicoteados por determinados dirixentes socialistas que pretenden aproveitar calquera cousa para avanzar na súa vontade de que só as Cíes e non o resto de illas se vexan beneficiadas pola declaración outorgada pola UNESCO, ignorando que as medidas impostas polo PRUX non están directamente vencelladas á declaración como Patrimonio da Humanidade senón que van ligadas á especial protección derivada do seu vixente status como Parque Nacional.

O Grupo Popular considera necesario que haxa un pronunciamento da Deputación de A Coruña sobre o fondo do asunto: é dicir, se considera ou non esta Cámara que, tal e como solicitan insistentemente algúns representantes institucionais do socialismo galego, debe excluírse aos arquipélagos de Ons, Sálvora ou Cortegada da candidatura a Patrimonio da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

ACORDO

Instar á Deputación da Coruña a sumarse á iniciativa da Xunta de Galicia na defensa ante a UNESCO dunha candidatura a Patrimonio da Humanidade que abarque a totalidade do territorio do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que, por tanto, non exclúa aos arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada."

III.Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España a transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos grandes alicerces da organización política e administrativa en España está constituído polas Entidades Locais, cuxas Administracións de proximidade garanten a provisión de servizos públicos esenciais aos españois. Para poder desenvolver eficazmente as funcións que teñen encomendadas, é fundamental que se cumpran integramente os dous principios que constitucionalmente inspiran a súa actuación: o principio de autonomía (artigo 140 da Constitución española) e o principio de suficiencia financeira (artigo 142 da Constitución española).

Autonomía e suficiencia financeira son principios conmutativos, de modo que non hai autonomía sen suficiencia nin suficiencia sen autonomía. En cambio, do mesmo xeito que ocorreu co financiamento das Comunidades Autónomas, o Ministerio de Facenda veu invocando diferentes coartadas para impedir facer efectivas as obrigacións económico-financeiras que ten contraídas lexislativamente coas Entidades Locais. Unha vez máis, e de maneira completamente falaz, apélase polo Goberno de Sánchez á concorrencia dun orzamento prorrogado e ás limitacións dun Goberno en funcións para negar o que constitucionalmente é un dereito das Entidades Locais e, por conseguinte, dos cidadáns que residen en cada unha delas.

Resulta un paradoxo dificilmente aceptable desde o punto de vista intelectual, que o libramento

dos recursos económicos por parte do Estado ás Entidades Locais, e que forman parte dun modelo de actuación establecido legalmente e de raíz constitucional, sexa posto en cuestión polo Goberno de Sánchez, sobre a base de opinións técnicas non contrastadas.

A cambio, ese mesmo Goberno non tivo ningún reparo en aprobar Reais Decretos Leis que crean novos dereitos económicos, facendo estalar o teito de gasto non financeiro do Estado e crebando a ordenación xurídica sobre estabilidade orzamentaria.

Fronte á disciplina e a corresponsabilidade política e administrativa que debe imperar entre o Estado e as Entidades Locais, impúxose irresponsablemente polo Goberno de Sánchez a indisciplina fiscal e un dos maiores ataques ao modelo constitucional de autonomía territorial dos últimos anos. Negar os recursos das Entidades Locais sobre a base de espurias opinións sen fundamento técnico é negar a base mesma do noso sistema de organización territorial.

Desde o punto de vista do financiamento local, a falta de actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, está a provocar un prexuízo análogo ao que se está producindo coas entregas a conta ás Comunidades Autónomas, e que podería situarse ao redor dos 1.000 millóns de euros.

Á súa vez, e da mesma maneira que en financiamento autonómico, o Goberno de Sánchez ampárase indebidamente na concorrencia da existencia dun orzamento prorrogado e dun Goberno en funcións para impedir que se abonen ás Entidades Locais as liquidacións definitivas na Participación en Ingresos do Estado correspondentes a 2017 que o Estado debe abonar ás entidades locais en 2019.

Pero é que ademais, a conxelación á que está a abocar coa súa actuación o Goberno de Sánchez non permite cubrir o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións en materia de persoal derivadas da Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece un incremento mínimo asegurado do 2,25 por cento respecto a as retribucións vixentes en 2018, con efectos ao 1 de xaneiro de 2019, e que cobre tanto a funcionarios como a persoal laboral do sector público local.

Por último, existen un conxunto de liñas de subvencións estatais destinadas a financiar determinados servizos locais (por exemplo, transporte colectivo urbano), cuxo importe permanece inalterable ao longo deste ano no crédito orzamentario de 2018, sen que responda directamente, por tanto, da evolución dos custos do servizo en cada unha das liñas subvencionadas.

MOCIÓN

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Esixir ao Goberno de España faga efectivas as obrigacións económico financeiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a transferencia actualizada dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden á provincia da Coruña e, por conseguinte, aos cidadáns que residen na mesma.

SEGUNDO. Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto na Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito da provincia da Coruña.

TERCEIRO. Solicitar a convocatoria urgente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas.

CUARTO. Dar traslado destes acordos á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e Senado, así como ao Ministerio de Facenda.

Sr. Presidente

Hai unha emenda do PSdeG-PSOE e BNG relativa a esta moción.

Sra. Gallego Neira

Non sei como vai ser o sistema, vaise debater a emenda, débatese a moción?

Sr. Presidente

Explica a moción, que expliquen a emenda, e despois decides se a incorporades á moción ou non.

Sra. Gallego Neira

De entrada xa dicimos que non imos incorporar nada á moción porque é que non ten absolutamente nada que ver coa moción. Aquí non se cambia a exposición de motivos, que non vou ler, porque a ten todo o mundo diante, e obviamente creo que é redundante. Aquí o que se fala é o bipartito PSOE-BNG, presenta unha moción diferente vía emenda, que é cambiar totalmente o sistema de financiamento, que é un debate interesante, que poderemos debatelos cando se constitúan as Cortes, que agora mesmo non hai Cortes Xerais, porque o sistema de financiamento autonómico habería que modificar normativa estatal, eu creo que agora non é o momento. Entón, nós o que pedimos, outra escusa para poñerse de perfil o Partido Socialista e non pedirlle a Sánchez que devolva o diñeiro que nos toca a Galicia e, en concreto, aquí á Deputación, unha cortina de fume falando en xeral do sistema de financiamento, e de como debería de ser ou como non debería de ser. Podemos debatelos noutro momento pero, desde logo, entendemos que aquí hai un tema urgente, e é que o diñeiro que se lle debe ás entidades locais e, en concreto, tamén á Deputación, se faga entrega xa, porque as entidades locais teñen que pagar ao persoal o incremento de gastos de persoal, teñen que pagar servizos básicos e esenciais que lle custa facerlle fronte, e evidentemente os cidadáns deses concellos pagaron os seus impostos e correspóndelles que lle veña de volta.

O que facemos na nosa moción non é máis nin menos que esixirle ao Goberno de Pedro Sánchez que pague o que debe, eu supoño que o BNG, aínda así, non aceptando a emenda votará a favor, votará a favor porque así o fixo noutros concellos, porque a propia señora Pontón pídelle ao Sr. Núñez Feijoo que o recorra incluso xudicialmente, que iso tardaría dous anos, por iso de momento esa vía non se explorou porque entendemos que hai que esgotar todas as vías posibles de diálogo institucional, que é do que estamos falando aquí, e que é o que se debe de facer en política. Gustaríame preguntarlle ao Sr. Formoso unha cuestión, canto lle debe o Sr. Sánchez á Deputación da Coruña? porque esa contía xa a teñen que ter, xa debemos saber que cantidade é a que nos corresponde como Deputación, e xa de paso a todos os concellos, pero evidentemente aquí só lle vou facer esa pregunta, á Comunidade Autónoma de Galicia, que foi a primeira en reclamar ese pago ao Goberno do Estado, 700 millóns de euros, primeiro a ministra di que non se pode, porque ten un informe da avogacía do Estado, logo resulta que ese informe da avogacía do Estado era un informe verbal, logo aparece por escrito despois de reclamarllo ao Partido Popular, apareceulle a algún medio de prensa porque si é verdade que non o coñecemos na súa exactitude, e agora o único que

cambiou para que diga que unha parte polo menos se pode pagar, é que hai eleccións. Vostede fala de electoralismo por dicir que metemos ao Concello de Vigo nunha moción na parte expositiva, dígame senón é electoralismo convocar unhas eleccións e dicir que agora se pode pagar o que ata agora non se podía pagar. Que foi dos venres sociais?, iso si que se podían aprobar decretos todos os venres para facer propaganda electoral, porque logo estamos cun goberno en función, que non exerceu absolutamente ningunha función.

Non só a Xunta de Galicia, senón outras comunidades autónomas socialistas reclamaron ese diñeiro ao Goberno de Pedro Sánchez e dixeron que o van esixir, todas menos os socialistas galegos, o Sr. Gonzalo Caballero, o Sr. Losada, delegado do goberno, igual que consentiu que a Valencia se lle condonase a débeda do porto, e non se esixe para o porto da Coruña, fan eses agravios comparativos con Galicia, dálles absolutamente igual. Eu pregúnteme, que van votar? vaille explicar o Sr. Regueira aos cidadáns de Carballo, por exemplo, que non van esixir esas cantidades ao Estado, esas cantidades que pagaron os cidadáns de Carballo neste caso, ou de Pontedeume, ou de calquera dos nosos concellos. Nós si o imos esixir, sen ningunha dúbida, eses impostos que pagaron os nosos cidadáns que recadou a Axencia Estatal, e que podería facer a Deputación con ese diñeiro? gustárame saber canto é exactamente, un POS+ non, un POS súper plus, xa seguramente.

Entón deámoslle os servizos aos concellos e á Deputación con ese diñeiro que se nos debe. Imaxino que como terei unha quenda de réplica, logo seguimos. Grazas.

Sr. Regueira Varela

Por alusións, sen consumir a quenda, pero o que faría o Concello de Carballo cos cidadáns de Carballo é sempre reclamar o que merecen os cidadáns de Carballo. Ese POS+ que lle pide vostede ao Estado, eu tamén algún día llo pedirei á Xunta e contarei co seu apoio, porque no Plan de cooperación a Carballo non lle vén tocando moita cousa, sabe vostede? Pero mire, o Concello de Arteixo, que non é do Partido Popular, retirou a moción, porque aos cidadáns de Arteixo tocáballe pagar, sabe?, despois de facer os cálculos tocáballe pagar.

Entón, evidentemente, Sra. Gallego, en todo caso eu creo que evidentemente hai que reclamar o que nos corresponde, efectivamente, pero ben, o que se está vendo neste Pleno é que estamos nunha clave totalmente electoral, na que importan moi poucos acordos e o que importa realmente é o debate. Polo tanto, eu non lle quero recordar o que pasou coa AP-9, acordo do Parlamento de Galicia e os deputados e as deputadas do Partido Popular nas Cortes Xerais votan en contra dun acordo do Parlamento de Galicia, iso tamén é diñeiro, como outras moitas transferencias.

E xa para rematar, no caso do Concello de Carballo, o Concello de Carballo tivo que facer un plan económico-financeiro, a través dunha subvención europea, porque tivo que pagar os cartos a provedores de varios millóns de euros, porque o Goberno do Estado naquel momento presidido polo Partido Popular non lle daba transferido os cartos da subvención europea que xa recibira da Unión Europea. Polo tanto, evidentemente, podemos falar en termos, eu creo que administrativos e non políticos, se falamos en termos políticos, porque claro, o debate pódese prolongar, e podemos tirar da corda o que vostede queira.

Nós, efectivamente, estamos de acordo en que hai que demandar todo o que nos corresponde, niso sen ningunha dúbida, ao Partido Popular no seu momento, e ao PSOE agora mesmo.

Sr. García Seoane

Está claro que están as eleccións aí e que se quere facer campaña política con calquera tema. Eu estiven na Federación de Municipios o sábado, e na Federación de Municipios en

Madrid se tocou este tema e se votou por unanimidade porque estaba todo o mundo de acordo en que o Estado nos entregue aos concellos ou ás deputacións os diñeiros que nos pertencen. Alí falouse longo e tendido, as políticas do PP que levou estes anos anteriores para tapar os buratos que tiña no Goberno da nación, tapábaos a conta dos concellos e das deputacións, retendo, non liquidando no ano normal o mes de decembro, claro, iso son, un só mes en toda España do que nos teñen que dar aos concellos e as deputacións son millóns de euros, e con iso tapaba o déficit da mala xestión que tiña o Partido Popular e da política do Sr. Montero. A nós aínda en Oleiros nos deben o ano 17, 142.000 euros, non gobernaba o Partido Socialista, por certo, o ano 18 nolo liquidaron estes días.

Polo tanto, vir aquí a facer demagogia despois de ter trasquilado ao país de 50.000 formas desde o Goberno, paréceme indignante, polo tanto, eu xa anuncio a miña oposición total a esta moción.

Sr. Lema Suárez

Si, nos imos apoiar esta moción, e tamén a consecutiva, a do PSOE, aínda que, efectivamente, non é que sexan coincidentes, senón que dalgunha maneira se solapan.

Concordo con que, efectivamente, estamos nun momento electoral e en puntos de vista partidistas pídelle ao Goberno do Estado estas transferencias, e a outra parte, a emenda do BNG e o PSOE á Xunta de Galicia.

Dicía a Sra. Gallego que non se trata dun debate en abstracto sobre o sistema de financiamento, pois eu penso que tal vez como representantes públicos si deberamos falar desa cuestión, dado que por suposto que esta cuestión de financiamento autonómico se politiza, de maneira eu creo que inconveniente, cada ano nas Cortes, entre outras cousas porque é unha ferramenta para garantir o apoio político á aprobación dos orzamentos e se xustifica, por exemplo, que nos orzamentos prorrogados que temos agora, que son os de Rajoy, polo tanto, os de Montoro, Galicia quedase cun 30% menos de investimentos, nese momento o Sr. Feijoo, por suposto, non reclamou 700 millóns, había que reclamar moito máis aínda, iso era, efectivamente, a lóxica partidista de obediencia a Madrid ou discrepancia con Madrid segundo quen estea gobernando alí.

En todo caso, Montoro como Montero, a verdade, eu creo que non vexo que se estea propoñendo desde o outro lado, desde a emenda que se propón desde o lado da esquerda, unha superación do modelo de Montoro, a min chámame a atención, por exemplo, que nin o BNG nin o PSOE dalgunha maneira ataquen ou sexan críticos coa Lei Montoro, coa Lei de racionalización e sostibilidade das administracións locais, porque está no cerne do que aquí se debate. Aí hai unha laminación da autonomía local, tanto pola vía das competencias, como pola vía do financiamento, entón chámame a atención que ningunha das partes eleven un pouco o discurso para ir á cuestión dun modelo de financiamento autonómico e que, polo tanto, parece que tanto Montoro como Montero están de acordo na subsistencia do que finalmente é a norma que agora goberna esta cuestión, que non deixa de ser a Lei Montoro, outro tipo de transferencias, por exemplo chámame bastante a atención que non haxa ese tipo de crítica e de superación do que debe de ser un modelo que eu creo que obedece, como dicía o compañeiro Gelo a un momento de crise, no que as administracións locais, as menos endebedadas, somos condenadas a ser as que carguemos coa débeda xeral do Estado que foi contraída noutro tipo de niveis administrativos.

Un pouco por ir rematando, finalmente nós por suposto estamos de acordo en que se transfiran a Galicia eses 700 millóns que se cuantifica que se nos adebedan, creo que a ministra Montero non estivo realmente brillante na xustificación de porque non podía transferilas, efectivamente, ese informe da avogacía do Estado, que non había, ao final existe precisamente neste momento, comparto que realmente tal vez non sexa a mellor xestión, a

máis admirable posible, pero tamén que de Montoro a Montero parece que non cambiamos demasiado, eu creo que francamente compañeiros, ao mellor habería que empezar por formularse a derogación desa lei, da Lei Montoro que finalmente tamén está un pouco no cerne deste afogamento das administracións locais que, dun xeito ou doutro, estamos denunciando.

Na emenda que presentan os Grupos Socialista e BNG vense denunciar en termos semellantes unha praxe parecida da Xunta de Galicia respecto das administracións locais que, por suposto nós tamén compartimos, co cal desde a Marea Atlántica manifestamos o noso apoio ás dúas mocións que aquí se presentan.

Sr. Fernández Piñeiro

Sra. Gallego, o outro día dicíalle a unha compañeira que viña en automática, a vostede pasoulle un pouco igual hoxe.

Evidentemente a nosa emenda non ten que ver cos acordos da súa moción porque a nosa emenda non é de substitución, senón de adición, é para engadir á súa moción. Polo tanto, eu creo que todo o seu argumentario acaba de caer porque nós apoiamos os acordos da súa moción, e propoñemos outros a maiores. Xa ve que non facemos seguidismo do Goberno de Madrid, agora pasa a pelota ao seu tellado, que vai facer vostede?, vai aceptar as nosas emendas que fan reclamacións no mesmo senso e que nacen desa preocupación que temos polo financiamento da administración que non vén só da participación dos tributos do Estado porque tamén os hai das Comunidades Autónomas, e tamén hai en canto a como fai o reparto de fondos a Xunta de Galicia, e se ve vostede na exposición de motivos da nosa emenda fálase tamén de que non o dicimos nós, dío a Federación Galega de Municipios e provincias e a Federación Española de Municipios e Provincias. Dito isto, repito, a nosa emenda é de adición, non de substitución, engadiríase á que vostedes propoñen.

Agora gustárame que me contestase vostede de cara a esa crítica suposta que nos facía de seguidismo ao Goberno de Madrid, que acaba de constatar que non é así, se vai vostede a aplicar aquilo que nos solicita aos demais. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Pois moi boa a aclaración. Para empezar levo toda a semana detrás dunha Xunta de Portavoces, dunha conversa, pero sempre, non o vou contar, non está o Sr. Regueira, non aparece o Sr. Regueira, non podo falar con Regueira, ben. O tema, iso fálase nunha Xunta de Portavoces, non é que nin sexa de adición, nin sexa de substitución, obviamente que de substitución claro que non a iamos aprobar, e de adición tampouco, porque como xa comentei antes, isto se trata de pedir ao Estado urxentemente que devolva o que lle debe ás entidades locais, non se trata de debater, nin de falar sobre o sistema de financiamento autonómico, por que?, porque agora mesmo non hai Cortes Xerais, si hai Goberno en funcións sen funcións, ou desgoberno, ou como se lle queira chamar, e se hai eleccións por culpa dese Goberno en funcións, non por culpa do Partido Popular. Entón, non falen de electoralismos, porque estamos no que estamos.

Gustárame facer algunha aclaración e é que quen fixo mal os cálculos non foi o Sr. Montoro, Sr. García Seoane, que non entendo tampouco o sentido do seu voto, porque se na FEMP vota a favor, agora resulta que aquí como a presenta o Partido Popular vai votar en contra, porque é unha moción do Partido Popular, non entendo o sentido do voto, pero ben, é libre de votar o que considere obviamente, que só faltaba que lle dixésemos o que ten que facer. O modelo autonómico obviamente é obxecto doutro debate, pero si que 2017 a vostede sálle a favor, pero fíxese 2008-2009, goberno de Zapatero, a que lle saía a devolver?, porque a todo o mundo lle saía a devolver. Fíxese, cando chegamos en 2011 ao Concello da Coruña, 25 millóns

de euros que había que devolver ao Estado por ter calculado mal a participación nos ingresos do Estado, non estaba Montoro, ninguén sabía nin que ía existir Montoro. Que, por certo, Montoro que fixo?, que en vez de a dez anos, deixou que os concellos e administracións non pagasen en vinte anos, iso estase pagando, que eu saiba, porque vimos algunha resolución de que esas cantidades estanse pagando ao Estado, por que o Estado non nos paga ás entidades locais o que nos debe?, só estamos pedindo iso, e cremos que ten unha entidade suficiente e é de tal gravidade, sobre todo a tomadura de pelo destes meses por parte da ministra Montero, que non de Montoro, de tal tomadura de pelo, que iso ten que ir só nunha moción, e esa é a moción que presentou o Grupo Popular. Desde logo eu non sei como se vai votar, por iso preguntaba antes, vótase a emenda? a emenda engádese á moción? Se non a aceptamos, a emenda decae, non se debate, non en todos os sitios se engadiría. Pois entón, está claro que non a imos aceptar e nada máis, cremos que é de extremada urxencia que se devolva aos concellos o que se lles debe, e a esta Corporación, que sigo sen saber canto nos debe o Estado.

Sra. Muíño Filgueira

O que resulta evidente, e coincidimos efectivamente, e xa o dixemos, que hai momentos de oportunismo á hora de presentar as cousas e centrámonos en reclamar que se pague a liquidación do PIE 2017, evidentemente, e como xa dixo o compañeiro Regueira, nós estamos completamente de acordo en reclamar sempre o que lle corresponde aos concellos galegos, pero non nos parece xusto desvincular un tema como pode ser a modificación dese modelo de financiamento, que tamén é francamente inxusto para os concellos de Galicia. Tendo en conta que calquera concello do Estado neste reparto percibe 225 euros por habitante e os galegos 180 euros por habitante, podemos botar cálculos da perda económica que supón isto para uns concellos nos que resulta, polas súas especificidades, que non se contemplan neste reparto, moitísimo máis caro prestar servizos aos que, por certo, temos o mesmo dereito que o resto dos cidadáns do Estado español. Entón, parécenos, na nosa opinión esta emenda o que viña era a enriquecer e reforzar un posicionamento de defensa desa economía que tratamos de poñer de relevancia que non depende desde logo as penurias económicas dos concellos desta liquidación de PIE que para algúns veñen sendo, como foi no meu concello de San Sadurniño o ano pasado en 2016, 4000 euros, que podemos entender que non nos ía salvar a prestación dos servizos de lixo, por exemplo.

Sr. García Seoane

Explicar por que vou votar que non, creo que o dixeran claramente na miña intervención. En Madrid o sábado pasado houbo unha reunión de alcaldes de España onde en xeral, cataláns, vascos, galegos, canarios, españois no seu conxunto, decidiron un tema que é o que se está aquí falando agora, nós imos agora cambiar iso?, que mellor acordo que ese?, xa está acordado todo, isto é fume, porque isto non vai a ningún lado, vale iso de Madrid, porque alí si que nos teñen que escoitar, estaba o ministro tamén, por tanto, claro, que nos teñen que escoitar, porque alí estabamos todos representados reclamando os cartos que nos pertencen. As razóns son múltiples, do Goberno do PP, do Goberno do PSOE, de quen sexa, pero hai unha cousa clara, que xa está acordado e que non ten sentido estar falando cousas menores. Que imos engadir ao que se acordou na FEMP?, e ese acordo da FEMP teno o Ministerio neste momento na man, polo tanto, esa é a razón, aquí poñerse a debater agora se son galgos ou podencos, son cans, e nada máis, e os cans xa están na rúa.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade porque sei que o Sr. Berlanga está falecido porque senón ata miraría para arriba se o vía rodando unha das súas películas, porque é surrealista o que estamos vivindo aquí. Preséntase unha moción reclamando ao Estado e se nos acusa aos demais de facer seguidismo, e a ver, incluso ao BNG, a ver que van votar, a ver que tal, dicímoslle que a súa

moción que nos parece ben, que os acordos aceptámoslos, pero que a maiores nesa defensa do municipalismo e das entidades locais e da suficiencia financeira que deben ter, engadimos outra serie de puntos, pero claro, neses puntos se toca á intocable Xunta de Galicia para os membros do Partido Popular, do Grupo Provincial Popular, e esa é a cuestión, Sra. Gallego. Entón, non diga vostede que isto é electoralismo, electoralismo é o seu, porque os representantes do meu Grupo e do resto de Grupos estamos dispostos a apoiar unha moción que reclama ao Goberno do Estado que cumpra coas súas obrigas en canto aos concellos e ás administracións locais, incluídas as deputacións. E engadimos unha serie de acordos, entre eles algúns dirixidos ao Goberno do Estado, e algúns engadidos dirixidos á Xunta de Galicia, cal é o problema?, se son vostedes os abandeirados do municipalismo non deben ter ningún tipo de problema, porque estamos falando da Xunta de Galicia, non falamos do PP, nin do Sr. Feijoo, a Xunta de Galicia agora está gobernada polo PP, pero pode estar gobernada por outra xente. Polo tanto, cal é o inconveniente?, o inconveniente é que dime de que presumes e direiche de que careces. Vimos aquí a pretender poñernos aos demais como seguidismo de Madrid cando iso non é verdade, o temos máis que demostrado, e díxollo antes o sr. Presidente, van vostedes á manifestación ante a Delegación do Goberno polo tema das térmicas, pero non van á da Xunta, esa non, porque molesta, entende?

E despois facer determinadas afirmacións, como a Lei Montoro, a Lei Montoro eu estou totalmente en contra, e tamén llo digo ao señor da Marea Atlántica, e eu e o resto de compañeiros deste Grupo somos loitadores acérrimos desa lei, que mantivo o meu goberno socialista, e é unha das cousas que lle achaco ao goberno socialista, e que estou totalmente en contra, e que lle critico pública e en privado, precisamente que non teñan mudado esa lei, esa lei que para os defensores do municipalismo que son vostedes só cando non gobernan, o que facía é táboa rasa e trataba igual a todos os concellos, aos que como o de Miño que ten unha débeda, por certo gobernada polo seu partido durante moitísimos anos, de moitísimos millóns de euros, e ao meu o calquera outro que ten superávits ou remanentes. Pois mal polo Sr. Montoro e mal polo goberno Sánchez.

Cando lle escoite a vostede, xa o dixen o outro día, facer unha reflexión destas características aquí neste salón de Plenos, ese día terán vostedes gañado puntos, non ante min, que é o de menos, porque o meu voto non o van ter, pero seguramente ante a cidadanía, porque é unha cuestión de honestidade, e aí non imos admitir, nin a vostede nin a ningún membro do Partido Popular, leccións ao respecto.

Polo tanto, asuma vostede que presenta unha moción á que lle queremos facer un engadido que pensamos que a enriquece, e que vostede, como se fala da Xunta de Galicia, que non se pode falar, prefere que non sexa así.

Polo tanto, dito iso, aínda así, non temos inconveniente, non lle imos votar en contra a moción, para que quede claro que non temos ningún tipo de problema en enfrontarnos ao Goberno de Madrid cando cremos que o que fai non é xusto, espero que como a nosa, que agora vou solicitar, que sexa debatida conxuntamente e se incorpore como moción, e entón quedaremos retratados vostede, como representante do seu Grupo e eu como representante do meu. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

É que xa o dixen vinte veces, podían presentar unha moción, podíamos ter falado de engadir, explíqueino, primeiro, non é obxecto, neste momento entendemos ata que se constitúan as novas Cortes, de debate, e segundo, que pode debaterse, pero vía moción, que non presentaron ningunha, ningunha, o noso Grupo dous, e dous preguntas escritas, vostedes nada.

Fala de Berlanga, eu digo que pobre, tamén falecido Paco Martínez Soria, porque isto é de

risa, é de risa. Eu manifesteime cos traballadores de Alcoa ante a Xunta de Galicia, e onde estiveron, e non nos pode dar leccións diso tampouco, xa llo digo. E seguidismo político cando acaba de non apoiar a moción das Illas Atlánticas, dinos porque na parte expositiva fálase do PSdeG, cando é o alcalde de Vigo o que se opón claramente, claro que non o retiramos, se fose a parte dispositiva, aínda o poderíamos entender, pero na expositiva, e fala de seguidismo político, vostede? nin Paco Martínez Soria, dígollo sinceramente, xa que nos poñemos nese plan. Eu creo que hai que darlle un pouco de nivel a este pleno, e dígollo, esta moción vai dirixida única e exclusivamente a reclamar as cantidades, se queren falar doutra historia, e debater o modelo de financiamento autonómico, presentaran unha moción, e senón ter falado antes, toda a semana detrás. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Falando de nivel e con todos os respectos ao pobre Paco Martínez Soria, prefiro quedarme con Berlanga, creo que era mellor cineasta.

En todo caso, repito, son vostedes moi dados á manipulación e a terxiversación do que un di. Sobre as Illas atlánticas non votamos en contra porque se nomeara ao PSdeG, votamos en contra porque vostedes din que o PSdeG, sen ningún tipo de distinción, se opuxo a iso, e o meu Grupo, que é PSdeG, igual que o resto do PSdeG, non está en contra nin se opón, polo tanto, o que din vostedes na súa exposición de motivos non se axusta á realidade, é o único que dixeron. Quen non quixo que saíra por unanimidade son vostedes, porque prefiren falar mal do PSdeG a que saíra por unanimidade, e iso demostra o que lles preocupa a declaración das Illas Atlánticas como declaración do Patrimonio da Humanidade. E neste caso estamos a ver exactamente o mesmo, e xa lle digo, non hai problema, non metemos a emenda, pasámola como moción, son dúas mocións totalmente distintas, sobre dous temas que afectan ao municipalismo, nós na súa xa lle digo que non imos votar en contra, a ver que fai vostede na nosa, e polo tanto, quedará claro.

E non me manipule o que dixeron, falei das térmicas, non me salte con Alcoa, na concentración ante a Xunta polo tema das térmicas non estaban, e iso é do que estaba falando, e poderían estar vostedes noutras moitas manifestacións que poida asistir, e eu agradezo e non podería poñer en dúbida o seu compromiso a ese respecto con esas problemáticas, pero en todo caso, do que falei é do que falei, polo tanto non me salte co que eu non digo.

Repito, presentámola como moción, votamos a súa, a nosa que segundo vostede é un tema que non ten nada que ver con ese, presentámola tamén como moción, e votamos, e quedaremos retratados uns e os outros.

Sr. Regueira Varela

Entendo que o Partido Popular non acepta a emenda e, polo tanto, a nosa votación vai ser a abstención. Eu fágolle unha emenda "in voce", estando de acordo, que podemos estar falando tamén dun modelo de financiamento que seguramente non ten que ver coa moción, aínda que é curioso, porque o que pon a nosa emenda son xustamente os acordos da FEGAMP relacionados coas peticións que lle fan os municipios galegos ao Estado, e ese acordo da FEGAMP está referendado polo Partido Popular, non estamos inventando nada, non é unha ocorrencia do BNG e do PSOE, simplemente é trasladar a unha emenda os acordos que entre todos e todas as forzas políticas municipalistas deste país decidimos trasladarlle ao Estado, pero eu vou ir ao concreto, e xa que non entenden o posicionamento co das Illas Atlánticas do PSOE, porque ao PSOE parécelle mal que se cite ao alcalde de Vigo, e vostedes din que iso non é ningún atranco para votar unha moción, eu voulle facer unha emenda en forma de tres propostas moi concretas: que se nos transfiran tamén os 200 millóns de euros que no 2017

adebedaba a administración Mariano Rajoy a Galicia, porque gobernaba o Sr. Mariano Rajoy; que se nos paguen os 170 millóns de euros de incentivos para cumprir coa regra de estabilidade económica, que tamén nos debía o goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy en 2017, principio de 2018, e que dalgunha maneira se articulen medidas para pagarnos os 1.000 millóns de euros que a administración do Partido Popular durante o Goberno de Mariano Rajoy non executou e que estaban consignados nos orzamentos do Estado. Se vostedes aceptan esas tres cuestións, porque non teñen que significar un atranco porque están aí, tamén nós votamos a favor, senón, absterémonos.

Sra. Gallego Neira

Imos ver, para acabar, é que xa non sei como acabar isto, todo ese diñeiro vai incluído no que debe o Estado, a PIE 2017 e 2018, é o que estamos pedindo, pero quen o debe agora?, quen o ten que pagar?, Montero, non Montoro, a ver se nos enteramos. Entón, aínda non sabemos canto debe á Deputación, pregunteino, terceira vez, teno que saber, tivo que chegarlle, eu creo que o ten que saber, pois transparencia cero.

Nós queremos unha moción única e exclusivamente co que di, reclamarlle ao Estado o que debe ás entidades locais, creo que está ben claro, votamos e nada máis.

Sr. Presidente

Por contestar, que antes esquecinme de contestarlle a esa petición de información a que aludía Rosa, sobre a liquidación definitiva da participación en ingresos do Estado da Deputación da Coruña correspondente o exercicio 2017, con data do 26 de setembro desde a Intervención se solicita ao Estado, ao Ministerio de Facenda que se aclare, que se informara exactamente esas cantidades cando teñen estimado aprobar a liquidación definitiva e facer o seu ingreso nesta Deputación, situación a que nos vimos abocados noutros exercicios, pero en calquera caso estamos falando deste. A resposta aínda non chegou, polo tanto, non é falta de transparencia, simplemente porque non temos a resposta.

Sr. Calvelo Martínez

Solicitaba ao portavoz do Bloque Nacionalista Galego que retirara as palabras que acaba de dicir, porque nosoutros onte que levamos a debate no Pleno municipal esta moción, retirámola porque o Bloque Nacionalista Galego solicitou unha incorporación de oito puntos na emenda cando no que quedamos é, retiramos esta moción para acordar unha de maneira conxunta, porque como comprenderá, e que nós pasamos en 2018 de ter uns ingresos do Estado de 5.800.000 euros, a pasar a 2019 de 6.600.000, como comprenderá, e creo que os datos que manexa neste caso o compañeiro que é concelleiro en Arteixo sobre o que son as liquidacións que lle supón ao Concello de Arteixo, nós estimamos, e iso que non se están dando conta de que non se están facendo as actualizacións do esforzo fiscal, que probablemente ao Concello de Arteixo débelle o Estado máis de 400.000 euros en sucesivas liquidacións, eu o que lle pido é que manteña un pouco de criterio, que a retiramos para intentar incorporar os puntos que nos pediron vostedes do Bloque para negociala e aprobala, non a retiramos porque nos saía a pagar 15.000 ou 16.000 euros, cando nós de ingresos do Estado, ingresamos 6.600.000 euros. Eu dígoos para intentar buscar un consenso, se aquí se falou de Berlanga, falou de Paco Martínez Soria, eu falo de Pinocho, pídolle que non minta, non minta porque a retiramos para acordala con vostede, porque nolo pediu vostede, non a retiramos por iso.

Se a motivación é, retirala, vir aquí ao Pleno da Deputación, e que a retiramos nós porque nos saía negativo, non, eu dígoos tamén para vostede para que no procedemento e no que é o debate dentro do Pleno sexa acorde co que piden, por unha vez que estamos de acordo en incorporar os seus puntos, é máis, no Pleno municipal de onte o Partido Socialista estaba de acordo en aprobar a nosa moción, e eu, por ter unha deferencia co Bloque Nacionalista

Galego, retíroa para mellor estudo e levala ao seguinte Pleno, e dime que a retiramos por iso, polo menos, non sei neste caso, nese sentido manteña a coherencia.

Sr. Regueira Varela

Eu retiro as palabras, xa o discutirán vostedes máis o portavoz do BNG no Concello de Arteixo, faltaría máis, este non é o Pleno do Concello de Arteixo, eu retíroa, a min cústame moito menos retirar as palabras que a vostedes, que se lle pediu para votar unha moción e non retiraron un parágrafo, non hai ningún problema, vostedes fagan as contas e fagan o mellor para o Concello de Arteixo, en todo caso quedan retiradas as miñas palabras, o Pleno de Arteixo ademais está gravado, polo tanto, evidentemente, non pode dar lugar a ningunha confusión. Nada máis.

Sr. Presidente

Entón hai unha solicitude de conversión da emenda en moción, que primeiro votaremos a ratificación da urxencia.

En primeiro lugar votamos a moción do Partido Popular e despois, como digo, a ratificación da urxencia e votación posterior da emenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (13 do PP e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputados (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e Marea Atlántica, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención do PSOE e BNG, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España a transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos grandes alicerces da organización política e administrativa en España está constituído polas Entidades Locais, cuxas Administracións de proximidade garanten a provisión de servizos públicos esenciais aos españois. Para poder desenvolver eficazmente as funcións que teñen encomendadas, é fundamental que se cumpran integramente os dous principios que constitucionalmente inspiran a súa actuación: o principio de autonomía (artigo 140 da Constitución española) e o principio de suficiencia financeira (artigo 142 da Constitución española).

Autonomía e suficiencia financeira son principios conmutativos, de modo que non hai autonomía sen suficiencia nin suficiencia sen autonomía. En cambio, do mesmo xeito que ocorreu co financiamento das Comunidades Autónomas, o Ministerio de Facenda veu invocando diferentes coartadas para impedir facer efectivas as obrigacións económico-financeiras que ten contraídas lexislativamente coas Entidades Locais. Unha vez máis, e de maneira completamente falaz, apélase polo Goberno de Sánchez á concorrencia dun orzamento prorrogado e ás limitacións dun Goberno en funcións para negar o que constitucionalmente é un dereito das Entidades Locais e, por conseguinte, dos cidadáns que residen en cada unha delas.

Resulta un paradoxo dificilmente aceptable desde o punto de vista intelectual, que o libramento

dos recursos económicos por parte do Estado ás Entidades Locais, e que forman parte dun modelo de actuación establecido legalmente e de raíz constitucional, sexa posto en cuestión polo Goberno de Sánchez, sobre a base de opinións técnicas non contrastadas.

A cambio, ese mesmo Goberno non tivo ningún reparo en aprobar Reais Decretos Leis que crean novos dereitos económicos, facendo estalar o teito de gasto non financeiro do Estado e crebando a ordenación xurídica sobre estabilidade orzamentaria.

Fronte á disciplina e a corresponsabilidade política e administrativa que debe imperar entre o Estado e as Entidades Locais, impúxose irresponsablemente polo Goberno de Sánchez a indisciplina fiscal e un dos maiores ataques ao modelo constitucional de autonomía territorial dos últimos anos. Negar os recursos das Entidades Locais sobre a base de espurias opinións sen fundamento técnico é negar a base mesma do noso sistema de organización territorial.

Desde o punto de vista do financiamento local, a falta de actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, está a provocar un prexuízo análogo ao que se está producindo coas entregas a conta ás Comunidades Autónomas, e que podería situarse ao redor dos 1.000 millóns de euros.

Á súa vez, e da mesma maneira que en financiamento autonómico, o Goberno de Sánchez ampárase indebidamente na concorrencia da existencia dun orzamento prorrogado e dun Goberno en funcións para impedir que se abonen ás Entidades Locais as liquidacións definitivas na Participación en Ingresos do Estado correspondentes a 2017 que o Estado debe abonar ás entidades locais en 2019.

Pero é que ademais, a conxelación á que está a abocar coa súa actuación o Goberno de Sánchez non permite cubrir o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións en materia de persoal derivadas da Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece un incremento mínimo asegurado do 2,25 por cento respecto a as retribucións vixentes en 2018, con efectos ao 1 de xaneiro de 2019, e que cobre tanto a funcionarios como a persoal laboral do sector público local.

Por último, existen un conxunto de liñas de subvencións estatais destinadas a financiar determinados servizos locais (por exemplo, transporte colectivo urbano), cuxo importe permanece inalterable ao longo deste ano no crédito orzamentario de 2018, sen que responda directamente, por tanto, da evolución dos custos do servizo en cada unha das liñas subvencionadas.

MOCIÓN

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Esixir ao Goberno de España faga efectivas as obrigacións económico financeiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a transferencia actualizada dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden á provincia da Coruña e, por conseguinte, aos cidadáns que residen na mesma.

SEGUNDO. Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo orzamentario que están a facer as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto na Real Decreto Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito da provincia da Coruña.

TERCEIRO. Solicitar a convocatoria urxente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas.

CUARTO. Dar traslado destes acordos á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e Senado, así como ao Ministerio de Facenda."

Procédese a votar a urxencia da moción dos Grupos PSdeG_PSOE e BNG:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Aprobada a urxencia, seguidamente, vótase a moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Marea Atlántica, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos PSdeG_PSOE e BNG relativa á transferencia ás entidades locais dos recursos derivados da participación en ingresos do Estado"

Unha vez máis, o financiamento segue a ser unha cuestión pendente dentro do mundo local. Nun período no que se aprobaron multitude de disposicións que tiveron unha gran incidencia na xestión dos concellos, con especial relevancia da Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, estes cambios substanciais non se viron acompañados dun novo modelo de financiamento que debería ter dado solución ao problema estrutural histórico das entidades locais, permitindo que dispuxeran dos recursos suficientes para acometer as moitas e importantes competencias que actualmente están a desenvolver.

Un pilar imprescindible é a reforma da Participación nos Ingresos do Estado (PIE), na que deben introducirse novos parámetros que resolvan as graves ineficiencias e defectos técnicos que especialmente nos últimos anos se visualizaron co modelo actual e que crearon graves prexuízos ás entidades locais galegas.

Este desequilibrio ponse de manifesto nun recente estudo realizado pola Fegamp no que se analizan os resultados do reparto da PIE no período 2004-2015, e no que se calcula que o diferencial negativo das contías percibidas polos concellos galegos respecto da media estatal cuantificado en euros por habitante situouse en torno aos 1.400 millóns de euros. Por iso, e en aras de lograr un equilibrio económico xusto e adecuado, e no que se teña en conta dunha vez por todas o custo que os concellos teñen que asumir na prestación de servizos, a Fegamp vén reiterando ano tras ano a necesidade de introducir na fórmula de reparto os criterios de dispersión, extensión territorial e envellecemento.

Esta reforma debe vir unida a un cambio no modelo de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma das entidades locais galegas, o chamado Fondo de Cooperación Local,

co incremento da súa dotación e a introdución de subvencións de concorrencia competitiva finalistas, reiterada reivindicación do municipalismo galego.

En clave galega, o sistema debe ir enlazado por dous instrumentos que actuarían como piares centrais do financiamento local: unha lei de facendas locais de Galicia e a regulación mediante Lei específica da participación non ingresos da Comunidade Autónoma.

Por todo o anterior, os grupos asinantes instan ao Pleno da Deputación da Coruña a adoptar os seguintes

ACORDOS:

- 1.- Demandar o cambio do modelo actual de reparto da PIE de xeito que os criterios que se utilicen doten dunha maior estabilidade ao financiamento dos concellos, corrixindo as múltiples ineficiencias que se puxeron de manifesto nestes últimos anos.
- 2.- Singularmente, esixir que na fórmula de reparto da PIE se introduzan os criterios de Entidades Singulares de Poboación, superficie e envellecemento, para paliar os desequilibrios que actualmente se producen e incluso se incrementan entre as distintas áreas do Estado, e no que os concellos galegos están resultando claramente prexudicados.
- 3.- Solicitar que se aprobe unha Lei de Facendas Locais de Galicia consensuada coa Fegamp, na que se proceda á ordenación da situación económica e financeira das entidades locais galegas en atención á súa diversidade dentro do Estado.
- 4.- Solicitar que a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos sexa regulada mediante unha Lei autonómica específica consensuada coa Fegamp.
- 5.- Solicitar o incremento da porcentaxe das partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, mediante a integración paulatina no Fondo de Cooperación Local de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente.
- 6.- Demandar da Xunta de Galicia a asunción dos servizos da súa competencia que actualmente prestan os concellos ou, en todo caso, que se doten con carácter inmediato en cada exercicio orzamentario as cantidades económicas precisas para que, de seguir sendo exercidas polas entidades locais, cubran a totalidade do seu custo.
- 7.- Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno Central e aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios na Cámara galega e no Congreso."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Hai dúas preguntas a este Pleno, unha presentada o 25 de setembro polo deputado provincial do Grupo Popular, Germán Castrillón, sobre que medidas vai tomar a Deputación da Coruña sobre a mellora e accesibilidade das beirarrúas que pasan pola ponte que cruza a vía de FEVE na estrada DP 5403, no lugar de Santa Icía, Concello de Narón, cunha resposta do Servizo de Vías e Obras, respecto de que a Deputación contratou no mes de agosto do pasado ano a redacción dun proxecto construtivo para a execución dunha pasarela metálica sobre a liña FEVE co obxecto de mellorar a circulación peonil polo vial provincial ao seu paso pola liña de ferrocarril. A empresa adxudicataria do contrato solicitou unha suspensión do prazo de entrega debido á falta de resposta de ADIF e UDF, pois os informes son necesarios para a redacción do proxecto. O proxecto entregado o mes de agosto de 2019, leva por título "Pasarela peonil en DP 5403 do punto quilométrico 1,80 sobre liña FEVE Narón", e está na actualidade pendente xa de supervisión técnica polo Servizo de Vías e Obras, e a falta da mencionada supervisión

ten un orzamento de 303.201 euros. Unha vez verificada a corrección do proxecto procederase a súa contratación e execución dentro do Plan de investimento en vías provinciais.

Outra pregunta ao Pleno do día 27 de setembro, presentado por Beatriz Molinos Vidal, do Grupo Popular, que di que "O día 30 de outubro de 2015 publicou no perfil do contratante desta Deputación o anuncio de licitación da obra "Humanización da travesía da Serra DP 5604 San Cosme, DP 6203 no Concello de Outes" por 249.980 euros máis IVE, posteriormente o día 11 de maio de 2016 publicouse no mesmo perfil á adxudicación da obra á empresa SYR AMG, por un importe de 163.187 euros. As obras comezaron na parte correspondente á zona na DP 6203 e antes de seguir na DP 5604, que era proporcionalmente a maior parte do volume do proxecto, discrepancias entre a empresa adxudicataria e esta Deputación provocaron a disolución do contrato. O Goberno municipal de Outes naquel momento, despois de varios contactos anteriores, reuniuse en xuño de 2018 co presidente desta Deputación, co resultado, tal e como se publicitou nos medios de comunicación de que se desbloquearía esta actuación, redactando un novo proxecto e sacando novamente a adxudicación. A día de hoxe a travesía da Serra está nun estado lamentable, sen que comezasen esas novas obras de humanización, nin se teña noticia da súa licitación, por iso a nosa pregunta é en qué punto está este proceso, en que tempos se manexan para que comecen as obras da travesía da Serra de Outes que pertence ao trazado da DP 5604".

A citada obra consistía na dotación de novas beirarrúas, xa que as existentes estaban deterioradas, e a reposición de servizos afectados ao paso da estrada polo núcleo da Serra, un treito de 370 metros, e a realización dunha cuneta de seguridade transitable ao paso da estrada DP 6203 polo núcleo de San Cosme, a obra foi contratada e iniciada pero o contrato tivo que ser resolto mediante a Resolución número 31646 do 11 de outubro de 2017, por causa imputable ao contratista adxudicatario por demora non xustificada no prazo de execución. O contratista adxudicatario presentou recurso perante o Xulgado Contencioso-Administrativo, recurso que foi desestimado en sentenza favorable a esta Deputación este mesmo ano, no 29 de abril de 2019. Nestes momentos o Servizo de Vías e Obras está a redactar un proxecto construtivo no que non soamente se recollerán as obras de terminación, senón que se actualizarán e complementarán estas, incluído melloras no firme da estrada, así como a reposición doutros servizos afectados existentes, coordinándose as ditas actuacións co concello e de acordo a reunións mantidas coa anterior alcaldesa. A previsión do Servizo de Vías e Obras é de dispoñer do proxecto redactado durante o mes de outubro deste ano, xunto coa de terminación da obra DP 3402 mellora de seguridade viaria Bustelo a Caberta por Salgueiros, que se encontra na mesma situación, para poder ser aprobado no Pleno de novembro de 2019, como así se lle deu a coñecer ao actual alcalde de Outes, Manuel González López, na reunión mantida co deputado de Vías e Obras, José Manuel Pequeño Castro, o pasado día 6 deste mes de setembro.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás trece horas e corenta e oito minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, do cal, eu, o Secretario, dou fe.